

LINGUA GALEGA E LITERATURA

ESO

Instrumentos de avaliación

[Criterios xerais de cualificación](#)

[Criterios específicos de cualificación](#)

Contidos mínimos esixíbeis

[1º ESO](#)

[2º ESO](#)

[3º ESO](#)

[4º ESO](#)

Obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación

[1º ESO](#)

[2º ESO](#)

[3º ESO](#)

[4º ESO](#)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os principais son os seguintes:

1. Observación sistemática do traballo na aula (diario de clase, escalas de observación...).
2. Análise da produción textual (oral e escrita) do alumnado
3. Valoración de tarefas sobre textos (comentarios e resumos, caderno do alumno, lecturas...) e en proxecto de comunicación.
4. Análise das interaccións do alumnado (actitudes, implicación en debates, achegas ao traballo colectivo en grupos...).
5. Resultado dos exercicios de control de coñecemento, das probas obxectivas.
6. Respostas a cuestionarios (detección de ideas e de coñecementos previos; autoavaliación; control das aprendizaxes adquiridas...).

CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento mantén no esencial os valores dos distintos tipos de contidos, diferenciando a ESO do Bacharelato, tal como se especifica nos apartados correspondentes dos distintos bloques (ESO e BAC) desta programación. Neles tamén se recolle a valoración do absentismo. Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua ao acumular máis de doce faltas (quinze en 1º ESO) sen xustificar, realizarase unha proba única final na que terá que dar conta dos contidos

mínimos da materia e que só se superará demostrando un dominio suficiente destes.

O peso dos distintos instrumentos de avaliación é o seguinte:

a) Notas de exames. Suporán entre o 50% e o 70% do total da nota, na ESO, e o 70% ou o 80% no BAC, dependendo do tipo de contidos que se inclúan neles. Establécese un *mínimo para poder facer media* entre as probas que sería un terzo da nota total.

b) Notas por libros de lectura. Será preciso realizar unha lectura mínima por trimestre, que será avaliada a través dun traballo ou unha proba e suporá un 10% da nota da avaliación. O incumprimento ou a realización moi deficiente duplicará ese valor no trimestre seguinte. As lecturas voluntarias (de libros recomendados) poden incrementar a nota ata un punto no BAC e sen teito na ESO.

c) Nota por traballos. A suma dos resultados das actividades e/ou a realización dun traballo de trimestre, elementos fundamentais na avaliación dos procedementos fóra das probas obxectivas, encherán o 10-20% da nota media. Tamén se terá en conta neste apartado a calidade do caderno e a resposta ás propostas de creación. A data de presentación de traballos ou cadernos será inaprazábel e a demora restará boa parte da puntuación ou toda, segundo a gravidade.

d) Notas diarias ou semanais de actitude. A constancia e o esforzo, o respecto aos compañeiros, o/a profesor/a e a materia, a participación e o interese ou a práctica habitual, despexuízada e en progresión do uso oral do galego contarán ata un 20% da nota na ESO e un 10% no Bacharelato.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE CUALIFICACIÓN

Na ESO o valor dos diferentes contidos é o que segue:

a) Conceptuais: 30%-35% (avaliábeis sobre todo a través de cuestións -nunca maioritarias- nas probas)

b) Procedementais: 50% (traballo, aplicación práctica...)

c) Actitudinais: 20%-10% (esforzo e constancia, respecto, participación e interese...). O absentismo e a impuntualidade -tres retrasos contan como unha falta inxustificable- inciden negativamente na superación destes contidos; deste xeito: 4 faltas sen xustificar rebaixan 0'5 puntos, 8 faltas rebaixan 0'75, 10 un punto e 12 faltas sen xustificar supoñen a perda da avaliación continua e a necesidade de realizar un exame final dos contidos mínimos.

d) 10% Lectura do trimestre.

Dentro deses parámetros, para o cálculo da nota terase en conta:

- O traballo na aula e a adecuación ás actitudes referenciadas.

- Os resultados das probas obxectivas: dous ou máis exames por avaliación. Para facer media será imprescindible obter como mínimo un terzo da cualificación total do exame.
- A presentación de traballos (obrigatorios ou voluntarios) centrados nos contidos desenvolvidos na aula e que posibiliten o achegamento ás estratexias da investigación lingüística e literaria, sempre co asesoramento do profesorado, que tamén fornecerá bibliografía axeitada. Estes traballos poden consistir na resolución de actividades de tipo heurístico que inclúe o propio libro de texto. Suporán sobre un 10% da nota.
- Probas de lectura dos libros escollidos en cada trimestre. Rondarán tamén o 10% da media.

Considerarase abandono:

- non traer o material necesario para realizar as tarefas
- non realizar as tarefas
- entregar os exames en branco ou cunha nota inferior ao terzo da cualificación total do exame.
- non presentarse ás probas

Lecturas

Será obrigatorio ler un libro por trimestre, do que se realizará unha proba escrita ou oral que permita avaliar a realización e a calidade da lectura. Son os seguintes:

1º ESO:

1ª av. *Tonecho de Rebordechao*, Breogán Riveiro, ed. Galaxia

2ª av. *Unha bruxa ben rara*, Carlos Mosteiro, ed. SM, col. Barco de Vapor

3ª av. *Os Megatoxos e a espada esmeralda*, Anxo Fariña ed. A Nosa Terra

2º ESO:

1ª av. *O Segredo da Pedra Figueira*, María Xosé Queizán, ed. Xerais

2ª av. *Corazón de chocolate*, Jaureguizar, ed. Xerais.

3ª av. *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz, ed. Xerais.

3º ESO:

1ª av. *A banda sen futuro (Marilar Aleixandre)* ed. Xerais

2ª av. *Made in Galicia* (Sechu Sende) ed. Galaxia

3ª av. *A cova das vacas mortas* (Jaureguizar) ed. Xerais

4º ESO:

1ª av: *Os vellos non deben de namorarse + Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete. / Os dous de sempre* (Castelao, Galaxia) / *Cartas de amor*, de Fran Alonso ed. Xerais.

2ª av: *A compañía clandestina de contrapublicidade* (Aleixandre, Xerais) / *Memorias dun neno labrego* (Neira Vilas, Galaxia) / *Noite de voraces sombras* (Agustín Fernández Paz, Xerais).

3ª av: *Poetízate* (Fran Alonso, Xerais) / *Dos arquivos do trasno* (R. Dieste, Galaxia) / *Irmán do vento* (Manuel Lourenzo González, ed. Xerais)

Á parte, o alumnado poderá ler voluntariamente outros libros recomendados que serán avaliados mediante proba oral (ou escrita, en casos excepcionais) e redundarán na nota media.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS

1º ESO

* Elaboración, tanto na oralidade como na escrita, de todo tipo de producións (descricións, narracións...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.

* Recoñecemento das características dos xéneros literarios (narrativa, lírica e dramática) e das peculiaridades da lingua literaria.

* Produción de textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixíbeis neste nivel.

* Recoñecemento das clases de palabras semántica e formalmente.

* Identificación das ideas clave e xerarquización da información máis relevante dun texto.

* Coñecemento do alfabeto e diferenciación de sons, letras e dígrafos.

* Coñecemento da evolución da lingua galega, como lingua propia de Galicia; e do plurilingüismo como un reflexo da diversidade cultural.

2º ESO

1- Emprego da lingua galega (oral e escrita) con adecuación á situación comunicativa e aplicación das regras de ortografía, acentuación e puntuación.

2- Reflexión sobre os mecanismos da lingua e os seus elementos formais (procedementos de cohesión, regras de coherencia, etc.), integrándoos para comprender e producir axeitadamente textos.

3- Elaboración, na oralidade e na escrita, de producións textuais (instrutivas, expositivas, persoais...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.

4- Análise e comprensión de textos propios dos medios de comunicación (noticia, crónica,

reportaxe), mostrando unha actitude reflexiva e crítica ante súas mensaxes, valorando as producións orais emitidas cunha fonética galega correcta.

5- Identificación, análise e uso correcto das distintas clases de palabras (artigo, substantivo, adxectivo, determinantes, pronome persoal (atención especial á colocación), verbo, adverbio, preposición, conxunción.

6- Recoñecemento e análise das características específicas das distintas clases de palabras nos planos: morfolóxico, sintáctico e léxico.

7- Diferenciación entre frase, enunciado e oración.

8- Identificación dos distintos tipos de oración segundo a actitude do falante e segundo a natureza do predicado.

9- Recoñecemento e análise das seguintes funcións primarias: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, atributo e complemento axente.

10- Interese por ampliar o caudal léxico propio e empregar as palabras con corrección.

11- Identificación das relacións semánticas entre as palabras (homonimia, polisemia, termos contrarios, parónimos...)

12- Comprensión da realidade sociolingüística de Galicia, con asimilación dos conceptos: lingua minorizada e dominante, de bilingüismo e diglosía e identificación das interferencias lingüísticas; xunto coa valoración da lingua como expresión dunha identidade colectiva e do seu uso normalizado.

13- Distinción e identificación dos distintos niveis de lingua e rexistros (estándar, coloquial, culto e científico-técnico) así como as variedades xeográficas da fala.

14- Recoñecemento dos principais recursos estilísticos para a realización de comentarios de textos, nos que aplicar o establecemento de relacións co contexto, especialmente histórico e persoal do autor ou autora.

15- Recoñecemento dos xéneros literarios e as súas características principais, valorando o proceso de creación.

16- Demostrar que se leron os libros de lectura obrigatoria marcados para o curso.

3º ESO

- Análise e comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevista, noticia, crónica, reportaxe), e actitude reflexiva e crítica ante súas mensaxes, valorando as producións orais emitidas cunha fonética galega correcta.

- Interese por producir enunciados correctos, tanto orais como escritos.

- Composición de textos de todo tipo, en soporte papel e dixital.

- Uso das TIC para elaborar textos escritos aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

- Producción e revisión de textos tendo en conta os mecanismos de cohesión textual, de formación de palabras, o uso dun léxico amplo, con incorporación de fraseoloxía, de perífrases verbais, e unha puntuación adecuada.

- Coñecemento xeral da formación da lingua galega nas distintas etapas e comprensión da situación sociolingüística galega, concienciándose do enriquecemento persoal e colectivo do uso

normalizado da lingua galega.

- Lecturas que estimulen o hábito e pracer lector : audicións de textos poéticos recitados ou cantados; audición de lendas populares; lectura dramatizada de obras teatrais galegas anteriores ao século XX.

- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

4º ESO

- Comprensión de textos orais e escritos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos...).

- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.

- Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.

- Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc., así como textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.

- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.

- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.

- Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisión das conseguíntes estruturas sintácticas e os tipos de oración

segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.

- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.

- Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

- Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

- Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan afrontar e superar prexuizos lingüísticos.

- Lectura expresiva e comprensiva de textos literarios das distintas etapas da literatura galega desde o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.

- Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.

OBXECTIVOS, COMPETENCIAS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º ESO

UNIDADE 1

OBXECTIVOS

1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e realizar o comentario correspondente seguindo uns criterios establecidos.
2. Coñecer os elementos que interveñen no acto comunicativo.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa hixiene.
4. Coñecer a diferenza entre texto e oración e recoñecer as distintas clases de palabras.

5. Coñecer o alfabeto e diferenciar sons, letras e dígrafos.
6. Recoñecer as peculiaridades da lingua literaria en relación cos outros niveis da lingua.
7. Comprender o interese que un bo comezo suscita na lectura dunha obra literaria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Recoñece un acto comunicativo.
- 2.2. Identifica os elementos que interveñen nun acto comunicativo.
- 3.1. Utiliza noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Comprende o concepto de «campo semántico» e aplícao en actividades dadas.
- 4.1. Nun texto dado, diferencia parágrafos e identifica as oracións.
- 4.2. Clasifica palabras segundo as categorías gramaticais e di se son variables ou invariables.
- 5.1. Escribe o abecedario e os nomes das letras.
- 5.2. Asocia fonemas e letras ou dígrafos.
- 6.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios.
- 6.2. Nun texto literario dado, recoñece as peculiaridades que o identifican como tal.
- 7.1. Escribe comezos insólitos de relatos a partir de modelos.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos non literarios propostos.
 - Definir conceptos traballados coas súas palabras, seguindo as normas lexicográficas de definición.
 - Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
 - Deducir conclusións a partir de textos dados ou de hipóteses de partida.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- Competencia social e cidadá
 - Interiorizar actitudes cívicas e practicar o diálogo como único medio para resolver problemas ou diferenzas de opinións.
- Competencia para aprender a aprender
 - Elaborar resumos.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- O acto comunicativo: elementos que interveñen
 - Exemplificación de actos comunicativos non verbais.
 - Identificación de diversos actos comunicativos.
 - Análise dos elementos que interveñen en distintos actos comunicativos.
 - Valoración e respecto polas normas que rexen o intercambio comunicativo.
 - Valoración das relacións interpersoais na unidade familiar.
- Lectura e comentario
 - Lectura dun texto coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario guiado do texto proposto.
 - Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal.
- Vocabulario relacionado coa hixiene
 - Buscas no dicionario.
 - Aplicación do vocabulario estudado noutros contextos.
 - Identificación e corrección de castelanismos.
 - Xogos lingüísticos.
 - Interese polo enriquecemento do vocabulario.
- Campo semántico
 - Agrupación de palabras por campos semánticos.
- O texto e a oración
 - Identificación de parágrafos e oracións nun texto dado.
 - Recomposición de textos desordenados.
- As palabras: clasificación en variables e invariables
 - Clasificación de palabras.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- Fonemas e letras. O abecedario
 - Ordenación alfabética de palabras dadas.
 - Aplicación de determinadas grafías para completar textos.
 - Ditado.
- Peculiaridades da lingua literaria
 - Discriminación de textos literarios e non literarios.
 - Análise dun texto literario.
 - Sensibilidade estética ante as producións literarias propias e alleas, valorando os seus elementos creativos e innovadores.
- Comezos insólitos.
 - Análise do comezo de diferentes relatos.
 - Redacción de comezos insólitos.
 - Coidado na planificación e execución dos propios textos, revisión e autocorrección.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS

1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e realizar o comentario correspondente seguindo uns criterios establecidos.
2. Identificar a intención comunicativa dun texto e ser capaz de clasificalo segundo ese criterio.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado co corpo e recoñecer sinónimos.
4. Recoñecer semántica e formalmente os substantivos, identificar as súas clases e coñecer as normas de formación do plural.
5. Recoñecer ditongos e hiatos e clasificar palabras segundo o número de sílabas e segundo a posición da sílaba tónica.
6. Distinguir entre prosa e verso e recoñecer os tres xéneros literarios (narrativa, poesía e teatro).
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Recoñece as distintas clases de textos segundo a intención comunicativa coa que foron escritos (narrativo, instrutivo, argumentativo, descritivo, conversacional, preditivo e explicativo).
- 3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Recoñece e busca sinónimos de palabras dadas.
- 4.1. Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.
- 4.2. Forma o plural de substantivos dados.
- 5.1. Divide unha palabra en sílabas, identifica a sílaba tónica e recoñece ditongos e hiatos.
- 5.2. Clasifica as palabras en agudas, graves e esdrúxulas.
- 6.1. Clasifica textos literarios segundo o xénero ao que pertencen e comenta os trazos que os identifican.
- 7.1. Redacta un texto creativo a partir de dúas palabras dadas que non manteñen ningunha relación.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
 - Levar as propias ideas e as conclusións do grupo sobre un tema á lingua escrita.
- Competencia social e cidadá
 - Resolver conflitos de maneira pacífica e razoada.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Extraer conclusións a partir duns datos previos.
 - Elaborar fichas de lectura de maneira autónoma e autocrítica.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información.
 - Buscar información en soportes tradicionais (enciclopedias e dicionarios).

- Competencia para aprender a aprender
 - Formular e resumir datos mediante fichas.
 - Elaborar cadros que recollan a información dada.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- A intención comunicativa. Tipos de textos
 - Análise da intención comunicativa dun texto literario.
 - Relación de distintos tipos de textos coa súa intención comunicativa.
 - Actitude de respecto ante as normas de comportamento.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.
 - Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración das normas de comportamento en espectáculos ou actos públicos.
- Vocabulario relacionado co corpo humano
 - Buscas no dicionario.
 - Aplicación de verbos relacionados co corpo humano.
 - Interese por expresarse correctamente en lingua galega.
- Sinónimos
 - Aplicación de sinónimos.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e axeitado.
- O substantivo e as súas clases
 - Recoñecemento de substantivos nun texto.
 - Clasificación de substantivos.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- O número. Formación do plural
 - Conversión a plural de substantivos e oracións en singular.
 - Conversión a plural de palabras compostas.
 - Interese por coñecer as normas que rexen o funcionamento interno da lingua.
- Ditongos e hiatos
 - Separación das sílabas dunha palabra.
 - Identificación de ditongos e hiatos.
- Clasificación de palabras segundo as sílabas e segundo a sílaba tónica
 - Clasificación de palabras segundo o número de sílabas.
 - Clasificación de palabras segundo a sílaba tónica.
- Os xéneros literarios
 - Lectura e análise de textos pertencentes a distintos xéneros literarios.
 - Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural.
- Creación de textos a partir de dúas palabras

- Invención de títulos.
- Creación de textos propios.
- Autoexigencia na redacción de textos creativos persoais.
- Respecto polas producións literarias alleas.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez e coa entoación e pausas adecuadas.
2. Coñecer a función e o estilo característico dun diario persoal.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa saúde e recoñecer a produtividade da sufixación para a formación de palabras.
4. Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes en masculino.
5. Coñecer e aplicar as regras básicas de acentuación.
6. Recoñecer as características que determinan un texto como conto popular.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un fragmento de diario coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Recoñece a función dun diario e sabe cales son as súas características peculiares.
- 3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Diferencia os lexemas e os morfemas dunha palabra e analiza os sufixos de palabras derivadas dadas.
- 4.1. Indica o xénero dalgúns substantivos.
- 4.2. Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.
- 5.1. Aplica as regras básicas de acentuación.
- 5.2. Acentúa correctamente palabras con *i* ou *u* en hiato e con ditongo, maiúsculas, nomes propios e palabras estranxeiras.
- 6.1. Analiza un conto popular e comenta as súas características.
- 7.1. Crea textos persoais a partir de obxectos de uso cotián.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Explicar coas propias palabras o significado de diversos termos.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non literarios.
 - Entender as causas das regras da lingua.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Planificar e organizar tarefas diarias.
 - «Ler entre liñas», analizar e extraer conclusións a partir dun texto ou dunha hipótese dada.

- Competencia para aprender a aprender
 - Interpretar cadros e esquemas.
 - Localizar a idea central dun texto e identificar o tema.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos persoais: o diario
 - Análise das peculiaridades textuais dun diario.
 - Redacción dun diario persoal.
 - Interese pola expresión escrita das propias ideas e sentimentos, de maneira precisa e persoal.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.
 - Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración das persoas que nos rodean e da importancia que teñen nas nosas vidas.
- Vocabulario relacionado coa saúde
 - Buscas no dicionario.
 - Clasificación de palabras segundo o campo semántico.
 - Relación de sinónimos.
 - Valoración dos hábitos e actitudes que pretenden preservar ou mellorar a nosa saúde.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e axeitado.
- Os sufixos
 - Recoñecemento dos sufixos de palabras dadas.
 - Formación de palabras derivadas mediante sufixación.
- O xénero do substantivo. Formación do feminino
 - Asignación do xénero a palabras dadas.
 - Aplicación das normas de formación do feminino.
 - Interese por aplicar correctamente as regras de formación do feminino e do plural.
- Normas básicas de acentuación
 - Aplicación das normas xerais de acentuación.
 - Aplicación do acento gráfico en maiúsculas e nomes propios, ditongos e hiatos, palabras estranxeiras.
 - Ditado.
 - Interese por aplicar correctamente as regras da acentuación.
- A literatura popular. O conto tradicional
 - Lectura e interpretación de textos literarios.
 - Análise dun conto tradicional, diferenciando as partes básicas da súa estrutura.
 - Recepción da tradición literaria como referencia para a creación doutros textos e como medio

de transmisión de ensinanzas.

- Creación de textos a partir de obxectos
 - Redacción de textos orixinais a partir de obxectos cotiáns.
 - Valoración dos textos creativos propios e respecto polas creacións alleas.
 - Valoración da creatividade e gusto polos xogos lingüísticos.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer as fórmulas e características propias dos textos persoais.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado cos sentidos e saber como se forma unha familia léxica.
4. Recoñecer semántica e formalmente os adxectivos.
5. Coñecer e aplicar os casos especiais de acentuación e a función do acento diacrítico.
6. Recoñecer os elementos propios dos contos populares e as funcións que neles desempeñan os personaxes.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.
8. Interpretar positivamente o plurilingüismo como un reflexo da diversidade cultural que hai no mundo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Redacta correctamente textos persoais (notas, carta) atendendo ás fórmulas habituais e ás características propias deste tipo de textos.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Forma familias léxicas a partir de palabras dadas.
- 4.1. Utiliza correctamente os adxectivos dunha e dúas terminacións e atende á concordancia.
- 4.2. Forma correctamente o feminino de adxectivos rematados en *-án* ou *-ano*.
- 4.3. Identifica o grao dos adxectivos.
- 5.1. Acentúa correctamente palabras compostas e adverbios en *-mente*.
- 5.2. Aplica correctamente o acento diacrítico.
- 6.1. Coñece cales son as secuencias características do conto popular.
- 7.1. Transforma ou escribe textos literarios introducindo elementos conflictivos.
- 8.1. Comprende que a pluralidade lingüística reflicte a diversidade cultural que se dá no mundo.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de

diferentes textos literarios.

- Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non literarios.
- Recoller por escrito as conclusións aceptadas por un grupo.

- Competencia social e cidadá
 - Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
 - Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.

- Competencia cultural e artística
 - Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar e defender.
 - Ler e comentar un texto sobre o plurilingüismo e valorar a existencia de varias linguas nunha comunidade como un ben colectivo.

- Autonomía e iniciativa persoal
 - Extraer ensinanzas dos textos lidos e aplicarlas en feitos da vida diaria.

- Competencia para aprender a aprender
 - Recoñecer a idea central dun texto, así como algunhas ideas secundarias.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos persoais: as notas e a carta
 - Comparación de diversos textos persoais.
 - Redacción dunha carta.
 - Conciencia da importancia da lingua escrita para fixar o pensamento.

- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.
 - Anotación de vocabulario novo.
 - Actitude de respecto cara aos demais.
 - Valoración positiva das actitudes que recoñecen a igualdade entre sexos.

- Vocabulario relacionado cos sentidos
 - Buscas no dicionario.
 - Clasificación de palabras.
 - Interese por aumentar o caudal léxico.

- Familia léxica
 - Formación de familias léxicas.

- O adxectivo cualificativo. Os graos do adxectivo
 - Identificación de adxectivos.
 - Cambio de xénero e número en adxectivos.
 - Aplicación das partículas comparativas.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.

- Casos especiais de acentuación. O acento diacrítico

- Aplicación das normas de acentuación en palabras compostas e adverbios rematados en *-mente*.
- Diferenciación de pares de palabras con e sen acento diacrítico.
- Ditado.
 - Interese por aplicar correctamente as regras da acentuación.
- O conto tradicional: secuencia habitual e funcións
 - Análise dos personaxes dun conto tradicional.
 - Redacción dun final distinto para un conto tradicional.
 - Redacción dun conto tradicional seguindo un esquema dado.
 - Interese e gusto pola lectura de contos.
 - Recepción da tradición literaria como referente para a creación doutros textos.
- Modificación de historias coa introdución do conflito
 - Transformación dunha historia dada coa introdución dun conflito.
 - Valoración dos textos creativos propios e respecto polas creacións alleas.
- Unha Europa plurilingüe. A lingua, sinal de identidade
 - Lectura e análise dun texto expositivo sobre o plurilingüismo.
 - Valoración do plurilingüismo como unha riqueza que cómpre preservar.

UNIDADE 5

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer os elementos esenciais dunha noticia periodística e recoñecer a súa finalidade informativa.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado co pensamento e coñecer a produtividade da prefixación na formación de palabras derivadas.
4. Coñecer semántica e formalmente os pronomes persoais.
5. Diferenciar a función dos signos de puntuación (o punto) e coñecer as normas de uso das maiúsculas.
6. Recoñecer as características que determinan un texto como relato.
7. Comprender qué é un punto de xiro e ser capaz de aplicalo en creacións propias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Analiza os elementos que integran unha noticia periodística (titular, subtítular, entrada, corpo) e recoñece a súa intención comunicativa.
- 2.2. Busca nunha noticia a resposta ás preguntas básicas (*que, quen, onde, cando, por que*).
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Identifica os prefixos e forma palabras derivadas co prefixo *pre-*.
- 4.1. Coñece as distintas clases de pronomes e a súa función.
- 4.2. Recoñece as formas tónicas dos pronomes persoais, así como as súas contraccións.
- 5.1. Aplica correctamente o punto e as maiúsculas en diversos textos.
- 5.2. Coñece os casos nos que non se debe usar punto.
- 6.1. Sabe qué é un relato e cales son os elementos narrativos básicos.

6.2. Nun relato dado, reconece a estrutura característica e resume o seu argumento.

7.1. Comprende o concepto de punto de xiro e aplícao en relatos dados para transformalos noutros novos.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
 - Analizar textos non literarios e periodísticos, diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
- Competencia social e cidadá
 - Analizar os textos periodísticos cun espírito crítico.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Buscar información utilizando os medios que proporcionan as novas tecnoloxías.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Competencia social e cidadá
 - Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.
- Competencia para aprender a aprender
 - Recoñecer a idea central dun texto e as partes nas que se divide.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos periodísticos: a noticia
 - Lectura e análise dunha noticia periodística.
 - Redacción dunha noticia.
 - Valoración dos medios de comunicación como instrumentos necesarios para coñecer a realidade actual.
 - Actitude de respecto e protección cara aos animais.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.
 - Anotación de vocabulario novo.
- Vocabulario relacionado co pensamento
 - Definición de palabras.
 - Busca no dicionario.
 - Relación de frases feitas co seu significado.
 - Aplicación de parónimos.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado a cada momento.
- Os prefixos
 - Formación de palabras derivadas co prefixo *pre-*.

- Interese por aumentar o caudal léxico.
- O pronome. Formas tónicas dos pronomes persoais
 - Subliñado de pronomes persoais nun texto.
 - Substitución de sintagmas por pronomes tónicos.
 - Substitución de sintagmas por contraccións de pronomes.
 - Formación de oracións con pronomes tónicos dados.
 - Colaboración persoal para conseguir que os que nos rodean sexan máis felices.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- Signos de puntuación: o punto. As maiúsculas
 - Puntuación de textos.
 - Aplicación das maiúsculas.
 - Ditado.
- O relato. Os elementos narrativos. A estrutura do relato
 - Análise das partes dun relato.
 - Resumo do argumento dun relato.
- O punto de xiro
 - Explicación do argumento dun conto popular e análise dos puntos de xiro.
 - Introducción de puntos de xiro nun relato.
 - Preocupación por escribir de forma clara, limpa e ordenada.
 - Autoesixencia para conseguir un grao de perfeccionamento cada vez maior na creación de textos propios.

UNIDADE 6

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer os recursos propios dos textos descritivos e realizar un retrato.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa alimentación e saber que son as palabras polisémicas.
4. Coñecer semántica e formalmente as distintas formas dos pronomes persoais átonos.
5. Diferenciar a función dos signos de puntuación (a coma e o punto e coma).
6. Recoñecer as características que determinan un texto como novela e analizar os personaxes e o narrador.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Realiza retratos e autorretratos utilizando os recursos propios deste tipo de textos.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Identifica as palabras polisémicas e explica os seus significados.

- 4.1. Recoñece as formas átonas dos pronomes persoais e coñece a súa colocación.
- 4.2. Diferencia na práctica o uso das formas átonas *te* e *che*, así como as variantes do pronome de 3ª persoa.
- 5.1. Aplica correctamente a coma e o punto e coma en diversos textos.
- 6.1. Sabe qué é unha novela e coñece a súa división en capítulos.
- 6.2. Analiza os personaxes dunha novela, clasificándoos en principais (protagonista e antagonista) e secundarios e identifica o narrador en primeira e en terceira persoa.
- 7.1. Escribe textos propios seguindo estratexias creativas e xogos lingüísticos.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Buscar información en diversos soportes tradicionais (dicionarios, enciclopedias...).
 - Acceder de maneira práctica ás vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías mediante a elaboración dun *blog*.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Relacionar contidos, explicando o significado figurado dunha palabra nun contexto concreto.
- Competencia social e cidadá
 - Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.
 - Propoñer solucións orixinais e creativas para solucionar conflitos.
 - Representar un rol simulado como presidente da comisión de festas dunha vila.
- Competencia para aprender a aprender
 - Trasladar a unha ficha de traballo os datos consultados.
 - Resumir un texto.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos descritivos: retrato e autorretrato
 - Comentario de textos descritivos.
 - Redacción dun retrato.
 - Redacción dun autorretrato.
 - Rexeitamento da valoración excesiva do aspecto físico das persoas.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.
 - Anotación de vocabulario novo.
 - Rexeitamento de actitudes discriminatorias cara aos demais.
 - Fomento da autoestima.
- Vocabulario relacionado coa alimentación
 - Busca no dicionario.
 - Relación de palabras dadas coa ilustración correspondente.

- Clasificación de palabras por campos semánticos.
- Corrección de castellanismos.
- Valoración de hábitos alimentarios sans.

- Palabras polisémicas
 - Identificación e aplicación de palabras polisémicas.
 - Interese por aumentar o caudal léxico.

- Formas átonas dos pronomes persoais
 - Identificación de pronomes átonos nun texto.
 - Substitución de sintagmas por pronomes átonos.
 - Aplicación das diversas formas dos pronomes átonos de 3ª persoa en función de complemento directo.
 - Aplicación e diferenciación das formas *te* e *che*.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.

- Signos de puntuación: a coma, o punto e coma
 - Puntuación de textos.
 - Ditado.
 - Solidariedade perante o sufrimento dos demais, especialmente dos nenos.

- A novela. Análise do narrador e dos personaxes
 - Resumo do argumento do fragmento dunha novela.
 - Análise dos personaxes do fragmento dunha novela.
 - Análise do narrador e transformación de textos cambiando a voz narrativa.
 - Valoración das distintas manifestacións artísticas e culturais.

- Unha linguaxe nova
 - Redacción de textos creativos persoais.
 - Goce cos xogos lingüísticos e creativos.

UNIDADE 7

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer os recursos propios dos textos descritivos e realizar a descrición dunha paisaxe.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa vestimenta e identificar palabras homónimas.
4. Recoñecer a función dos determinantes e utilizar correctamente as distintas formas do artigo, dos demostrativos e posesivos.
5. Diferenciar a función dos signos de puntuación (puntos suspensivos, dous puntos, signos de interrogación e de admiración).
6. Recoñecer as características dos textos dialogados e analizar os elementos narrativos do tempo e o espazo.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas e coñecer a función dos marcadores textuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Realiza a descrición dun espazo seguindo unha orde establecida.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario aprendido.
- 3.2. Comprende o concepto de homonimia e diferencia palabras polisémicas e homónimas.
- 4.1. Identifica os distintos determinantes.
- 4.2. Recoñece e aplica correctamente os artigos determinados e indeterminados, así como as súas contraccións.
- 4.3. Recoñece e emprega correctamente os demostrativos e as súas contraccións.
- 4.4. Recoñece e emprega os posesivos.
- 5.1. Aplica correctamente os puntos suspensivos, os dous puntos e os signos de interrogación e de admiración en diversos textos.
- 6.1. Identifica a raia como signo para introducir os diálogos dos personaxes e as intervencións do narrador nos textos narrativos.
- 6.2. Analiza o espazo e o tempo nun fragmento dunha novela.
- 7.1. Crea textos propios.
- 7.2. Identifica e aplica correctamente algúns conectores textuais.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
 - Explicar o significado das palabras con corrección e adecuación ás normas lexicográficas de definición.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Buscar información en diversos soportes e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.
- Competencia social e cidadá
 - Discutir sobre un tema con tolerancia e respecto polas opinión alleas.
- Competencia para aprender a aprender
 - Elaborar resumos.
 - Identificar a idea principal dun texto.
 - Presentar a información obtida mediante unha ficha de traballo.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos descritivos: descrición de espazos
 - Comentario de textos descritivos.
 - Descrición dun espazo seguindo unha orde establecida.
 - Interese por conservar e coidar o noso contorno.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.

- Anotación de vocabulario novo.
- Conciencia da importancia dos valores humanos das persoas por riba dos valores materiais.
- Vocabulario relacionado co vestiario
 - Redacción dunha descrición atendendo ao vestiario dunha persoa.
 - Correspondencia entre sinónimos e antónimos.
 - Buscas no dicionario.
 - Relación entre palabras e as ilustracións correspondentes.
- Palabras homónimas
 - Análise de palabras homónimas.
 - Interese por aumentar o caudal léxico.
- Os determinantes. Os artigos
 - Identificación de determinantes e contraccións nun texto.
 - Aplicación de artigos e contraccións para completar un texto.
 - Substitución de artigos determinados por indeterminados, e viceversa.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- Os demostrativos e os posesivos
 - Subliñado de demostrativos, diferenciando entre determinantes e pronomes.
 - Aplicación de posesivos en textos incompletos.
 - Elaboración dun cadro de contraccións de demostrativos.
- Signos de puntuación: puntos suspensivos, dous puntos, signos de interrogación e admiración
 - Puntuación de textos.
 - Interese por utilizar correctamente os signos de puntuación.
- A novela. Os diálogos. Análise do tempo e do espazo
 - Análise dun texto narrativo dialogado.
 - Análise do tempo e do espazo nun texto narrativo.
 - Valoración das distintas manifestacións artísticas e culturais.
- A través do espello. Conectores textuais
 - Redacción de textos imaxinativos e innovadores.
 - Identificación e utilización de conectores textuais.
 - Conciencia da función dos marcadores textuais na redacción coherente e correcta dun texto.

UNIDADE 8

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer os recursos propios dos textos descritivos e realizar a descrición de animais.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado co carácter e identificar palabras homófonas.
4. Recoñecer a función dos determinantes e utilizar correctamente os indefinidos, os numerais e os interrogativos e exclamativos.
5. Diferenciar a función dos signos de puntuación (parénteses, guión, raia).
6. Recoñecer as características propias do xénero lírico e ser capaz de medir correctamente os versos dun poema.

7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.
8. Coñecer a evolución da lingua galega e recoñecela como lingua propia de Galicia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Realiza a descrición de animais e utiliza o recurso da comparación.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Identifica e usa correctamente algunhas palabras homófonas.
- 4.1. Recoñece e emprega correctamente os determinantes indefinidos e recoñece a súa función pronominal.
- 4.2. Recoñece e emprega correctamente os numerais.
- 4.3. Recoñece e emprega correctamente os interrogativos e exclamativos.
- 5.1. Aplica correctamente as parénteses, o guión e a raia en diversos textos.
- 6.1. Comenta textos literarios do xénero lírico, diferencia as estrofas e mide os versos, aplicando a licenza da sinalefa.
- 7.1. Escribe textos creativos seguindo estratexias dadas.
- 8.1. Coñece como foi evolucionando a lingua galega e recoñécea como lingua propia de Galicia.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Buscar información en diversos soportes.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Elaborar de maneira autónoma un traballo expositivo seguindo uns pasos dados.
 - Expoñer opinións sobre un tema de maneira razoada e con argumentos sólidos.
- Competencia social e cidadá
 - Avaliar as consecuencias que pode desencadear un feito puntual para un colectivo.
 - Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos fixados, tanto persoais como profesionais.
 - Discutir sobre un tema con tolerancia e respecto polas opinión alleas.
- Competencia cultural e artística
 - Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, e coñecer as etapas da historia da lingua galega.
- Competencia para aprender a aprender
 - Elaborar resumos.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos descritivos: descrición de animais
 - Análise de textos descritivos.
 - Descrición de animais.
 - Rexeitamento de actitudes agresivas cara á natureza e aos animais.

- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario de texto.
 - Valoración de actitudes cívicas e de tolerancia.

- Vocabulario relacionado co carácter
 - Correspondencia entre palabras e o seu significado.
 - Relación de sinónimos e antónimos.
 - Relación de frases feitas co seu significado.
 - Interese por aumentar o caudal léxico.

- Palabras homófonas
 - Identificación e aplicación de palabras homófonas.
 - Buscas no dicionario.

- Os indefinidos. Os numerais. Os interrogativos e exclamativos
 - Identificación de indefinidos nun texto, diferenciando determinantes e pronomes.
 - Clasificación de indefinidos en variables e invariables.
 - Aplicación das contraccións de preposición + indefinido.
 - Identificación e clasificación dos numerais dun texto.
 - Escritura en letra de números dados.
 - Aplicación de interrogativos e exclamativos.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.

- Signos de puntuación: parénteses, guión e raia
 - Aplicación de parénteses, raias e guións en oracións e textos dados.
 - Valoración do esforzo e do traballo como medios para acadar os nosos obxectivos.

- O xénero lírico. Métrica
 - Identificación de versos de arte menor e maior.
 - Práctica do cómputo silábico en poemas dados.
 - Identificación da sinalefa.

- Como son os ruídos?
 - Creación de textos innovadores.
 - Sensibilidade estética perante as producións literarias propias e alleas.

- O galego, lingua oficial de Galicia
 - Lectura e análise dun texto expositivo sobre a historia do galego desde as orixes ata a súa consideración como lingua oficial.
 - Curiosidade por coñecer as orixes e a historia da nosa lingua.
 - Valoración da lingua galega como propia de Galicia.

UNIDADE 9

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Recoñecer as características e a estrutura propias dos textos predictivos.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado coas ferramentas.
4. Recoñecer e analizar semántica e formalmente o verbo.
5. Distinguir palabras con e sen *h*.
6. Analizar textos pertencentes ao xénero lírico e identificar a rima.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Recoñece as características propias dos textos predictivos e é capaz de reproducilas en textos propios.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 4.1. Recoñece o verbo en diferentes contextos, identifica a conxugación á que pertence e as variacións de persoa, número, tempo, modo e aspecto.
- 4.2. Identifica as formas nominais do verbo.
- 5.1. Emprega correctamente o *h* nas palabras que o precisan.
- 6.1. Comenta textos literarios do xénero lírico, identifica a rima e diferencia entre rima asonante e consonante.
- 6.2. Recoñece os poemas de versos libres.
- 7.1. Escribe textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
 - Recoller por escrito as decisións dun grupo.
 - Definir conceptos básicos coas propias palabras de maneira adecuada ás normas lexicográficas de definición.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Buscar información en diversos soportes, tanto tradicionais (dicionarios, enciclopedias...) como correspondentes ás novas tecnoloxías (internet).
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Resolver conflitos de maneira persoal e crítica.
- Competencia cultural e artística
 - Desenvolver e valorar a creatividade.
- Competencia para aprender a aprender
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles

problemas.

CONTIDOS

- Os textos predictivos
 - Análise e comentario dun texto predictivo.
 - Redacción de textos predictivos seguindo un modelo.
 - Conciencia do valor expresivo da linguaxe non-verbal.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario dun texto literario.
 - Curiosidade polas cousas que suceden arredor de nós.
- Vocabulario relacionado coas ferramentas
 - Relación de palabras coas ilustracións correspondentes.
 - Elección de verbos a partir dos seus significados.
 - Buscas no dicionario.
 - Diferenciación de palabras polisémicas e homónimas.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado para os textos propios.
- O verbo. As conxugacións. Formas persoais e non persoais
 - Identificación de verbos en diversos textos.
 - Clasificación de verbos segundo a conxugación.
 - Identificación da persoa e do número de determinadas formas verbais.
 - Identificación do modo, tempo e aspecto de determinadas formas verbais.
 - Transformación de textos cambiando o tempo verbal.
 - Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.
- Uso do *h*
 - Aplicación de *h* nas palabras que o precisan.
 - Aplicación de *ata* e *hasta* para completar oracións.
 - Aplicación de *hai*, *aí* e *ai!* para completar oracións.
 - Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.
- O xénero lírico. A rima
 - Análise de poemas e identificación da rima.
 - Creación de poemas de versos libres.
 - Ordenación de versos para crear estrofas.
 - Comentario dun poema popular (un desafío).
 - Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística de identidade colectiva e de cultura privilexiada.
- Ninguén é perfecto
 - Redacción de textos imaxinativos e innovadores.
 - Gusto pola creación de textos innovadores e polos xogos lingüísticos.

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Recoñecer as características e a estrutura propias dos textos explicativos.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos sentimentos e a produtividade de certos prefixos na formación de palabras derivadas.
4. Saber conxugar os verbos regulares e coñecer as peculiaridades dalgúns verbos irregulares.
5. Distinguir as palabras que se escriben con *b* e as que se escriben con *v*.
6. Coñecer e aplicar algúns recursos literarios básicos, como a comparación, a metáfora e a personificación.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Recoñece as características propias dos textos explicativos e é capaz de reproducilas en textos propios.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Forma palabras derivadas aplicando o prefixo *des-*.
- 4.1. Coñece a conxugación dos verbos modelo.
- 4.2. Coñece as peculiaridades dos verbos rematados en *-cer*; *-cir*.
- 4.3. Coñece as peculiaridades dos verbos rematados en *-uír*.
- 4.4. Coñece as peculiaridades dos verbos do tipo *servir* e *durmir*.
- 4.5. Diferencia verbos regulares e irregulares e sabe conxugar algúns verbos irregulares de uso moi frecuente.
- 5.1. Escribe correctamente palabras con *b* e con *v*.
- 6.1. Identifica as figuras literarias da comparación, a metáfora e a personificación.
- 7.1. Redacta textos creativos a partir de cancións.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Buscar información en diferentes soportes.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Razoar e argumentar unha opinión.
 - Extraer conclusións a partir dun texto lido e ser capaz de aplicalas na vida diaria.
 - Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Competencia para aprender a aprender
 - Diferenciar e analizar as distintas partes dun texto.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos explicativos
 - Análise e comentario dun texto explicativo.
 - Redacción de textos explicativos seguindo un modelo.
 - Interese pola lectura como fonte de información e coñecemento.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario dun texto literario.
 - Valoración da amizade como unha riqueza que cómpre conservar.
- Vocabulario relacionado cos sentimentos
 - Aplicación de verbos que expresan sentimentos.
 - Clasificación de verbos segundo expresen sentimentos negativos ou positivos.
 - Substitución de verbos por sinónimos.
 - Aplicación do prefixo *des-* para crear palabras derivadas.
 - Formación de substantivos derivados de verbos.
 - Buscas no dicionario.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado ás distintas situacións comunicativas.
- O verbo. Lexemas e desinencias
 - Identificación do lexema e as desinencias en formas verbais dadas.
 - Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.
- Verbos regulares e irregulares
 - Clasificación de verbos en regulares e irregulares.
 - Conxugación de verbos regulares a partir dos modelos.
 - Aplicación de verbos regulares rematados en *-cer/-cir* e *-uir*.
 - Aplicación de verbos do tipo *servir* e *durmir*.
 - Conxugación de verbos irregulares.
 - Conciencia da importancia que ten un axeitado uso da lingua para o desenvolvemento persoal e social.
- Uso de *b* e *v*
 - Aplicación de *b* e *v* segundo as normas estudadas.
 - Ditado.
 - Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.
- O xénero lírico. Algunhas figuras literarias
 - Identificación e creación de comparacións, metáforas e personificacións.
- Coa letra dunha canción
 - Redacción de textos literarios a partir de cancións.
 - Sensibilidade estética perante as producións literarias propias e alleas, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

UNIDADE 11

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Recoñecer as características e a estrutura propias dos textos instrutivos.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos deportes e a produtividade do procedemento da composición na creación de palabras.
4. Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.
5. Aplicar correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*.
6. Recoñecer as características básicas do texto dramático.
7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas e coñecer a función dos marcadores textuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, vocabulario, espazo e tempo, personaxes...).
- 2.1. Recoñece as características propias dos textos instrutivos e é capaz de reproducilas en textos propios.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Forma palabras compostas e analiza os compoñentes dalgúns compostos dados.
- 4.1. Identifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función.
- 4.2. Clasifica os adverbios e locucións adverbiais segundo o significado que expresen.
- 5.1. Aplica correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*.
- 6.1. Recoñece as características básicas do xénero teatral e diferencia os diálogos e as indicacións escénicas.
- 7.1. Inventa explicacións fantásticas para feitos reais ou obxectos cotiáns.
- 7.2. Identifica algúns conectores textuais e recoñece a súa función.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Extraer ensinanzas a partir do que nos rodea e aplicarlas na nosa vida cotiá.
 - Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Manexar o dicionario de maneira autónoma e fluída e consultar con soltura outras obras de consulta tradicionais.
- Tratamento da información e competencia dixital
 - Mostrar tolerancia e respecto cara ás actitudes e ideas dos demais, sendo capaces de «poñernos no seu lugar».
- Competencia para aprender a aprender
 - Recoñecer o tema dun texto e inventar un título adecuado a partir del.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos instrutivos
 - Análise e comentario dun texto instrutivo.
 - Redacción de textos instrutivos seguindo un modelo.
 - Redacción dunha receita de cociña.
 - Interese pola lectura como fonte de información e coñecemento.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario dun texto literario.
 - Fomento da autoestima.
 - Defensa da igualdade e da dignidade das persoas.
 - Crítica de calquera actitude agresiva ou humillante cara aos que nos rodean.
- Vocabulario relacionado cos deportes
 - Aplicación do vocabulario aprendido en diferentes contextos.
 - Relación de termos coa ilustración correspondente.
 - Corrección de castelanismos.
 - Identificación da palabra simple correspondente a unha derivada.
 - Interese por ampliar o caudal léxico.
- As palabras compostas
 - Análise e formación de palabras compostas.
 - Curiosidade cara aos mecanismos internos da lingua para crear palabras novas.
- O adverbio e as locucións adverbiais
 - Identificación e clasificación de adverbios.
 - Aplicación dos adverbios e locucións máis adecuados para completar textos dados.
- Uso de *s* e *x*
 - Aplicación de *s* ou *x* en palabras dadas.
 - Ditado.
 - Discriminación e aplicación práctica de parónimos.
 - Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.
- O xénero dramático. Diálogos e indicacións escénicas
 - Análise e comentario dun fragmento teatral.
 - Identificación e invención de indicacións escénicas.
 - Redacción dun desenlace para un fragmento teatral dado.
- Explicacións fantásticas. Marcadores textuais
 - Redacción de textos imaxinativos e innovadores.
 - Identificación de marcadores textuais.
 - Sensibilidade estética perante as producións literarias propias e alleas, valorando os seus elementos creativos e innovadores.
 - Conciencia da importancia dos marcadores textuais para a construción de textos coherentes e cohesionados.

UNIDADE 12

OBXECTIVOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Recoñecer as características e a estrutura propias dos textos argumentativos.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos utensilios de cociña e da mesa e discriminar claramente as palabras simples, derivadas e compostas.
4. Recoñecer as oracións e as súas clases segundo a súa estrutura e segundo a intención do emisor.
5. Identificar o suxeito e o predicado dunha oración e coñecer os distintos casos de oracións sen suxeito.
6. Identificar e escribir correctamente palabras con *i*, con *x* e con *ll*.
7. Recoñecer as características básicas do xénero dramático.
8. Analizar e aplicar os elementos propios da linguaxe do cómic.
9. Recoñecer a importancia de normalizar o galego como único medio para preservar a súa supervivencia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Recoñece as características propias dos textos argumentativos, e diferencia as ideas principais e mais os argumentos que as xustifican.
- 3.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.2. Discrimina palabras simples, derivadas e compostas.
- 4.1. Identifica as oracións, recoñece se son simples ou compostas e clasifícaaas segundo a intención do emisor.
- 5.1. Identifica e analiza o suxeito e o predicado dunha oración.
- 5.2. Recoñece as distintas oracións sen suxeito.
- 6.1. Aplica correctamente as grafías *i*, *x*, *ll*.
- 7.1. Analiza a caracterización dos personaxes nunha obra teatral.
- 7.2. Crea monólogos teatrais.
- 8.1. Analiza os elementos dun cómic.
- 8.2. Crea o desenlace dun texto.
- 9.1. Recoñece a importancia da normalización dunha lingua para a súa supervivencia.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
 - Definir conceptos básicos coas propias palabras e de maneira adecuada ás normas lexicográficas de definición.
 - Expor información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.
- Autonomía e iniciativa persoal
 - Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.
 - Deducir información e extraer conclusións.

- Competencia cultural e artística
 - Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas, tanto propias como alleas.
 - Ler e comentar un texto sobre o carácter oficial da lingua galega e a necesidade da súa normalización.
- Competencia para aprender a aprender
 - Identificar a idea principal dun texto.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Os textos argumentativos
 - Análise e comentario dun texto argumentativo.
 - Redacción de textos argumentativos seguindo un modelo.
 - Valoración da palabra e da argumentación como o único medio pacífico para defender as propias ideas.
- Lectura e comentario
 - Lectura e comentario dun texto literario.
 - Fomento da autoestima.
- Vocabulario relacionado cos utensilios de cociña
 - Aplicación do vocabulario aprendido en diferentes contextos.
 - Asociación de termos coa ilustración correspondente.
 - Interese por ampliar o caudal léxico propio e por utilizar as palabras con corrección.
- Palabras simples, derivadas e compostas
 - Clasificación de palabras segundo sexan simples, derivadas ou compostas.
 - Curiosidade cara aos mecanismos internos da lingua para crear palabras novas.
- A oración
 - Identificación das oracións que forman un texto.
 - Clasificación das oracións en simples e compostas.
 - Clasificación das oracións segundo a intención do falante.
 - Análise dos compoñentes básicos dunha oración simple.
 - Identificación de oracións sen suxeito.
 - Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.
- Uso de *ll*, *i* e *x*
 - Aplicación de *i*, *x* ou *ll* en palabras dadas.
 - Conciencia da importancia que ten un axeitado uso da lingua para o desenvolvemento persoal e social.
- O xénero dramático. Personaxes. O monólogo
 - Análise dos personaxes dun fragmento teatral.
 - Creación dun monólogo teatral.
 - Gusto pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros.

- O cómic
 - Redacción dun desenlace para un conto.
 - Análise dos elementos propios da linguaxe do cómic.
 - Creación de viñetas.
- A normalización dunha lingua
 - Lectura e comentario dun texto sobre a normalización lingüística.
 - Conciencia da importancia que ten a normalización dunha lingua, isto é, o seu uso en calquera contexto, para a súa supervivencia e difusión.

2º ESO

UNIDADE 1

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e realizar o comentario correspondente seguindo criterios establecidos.
2. Recoñecer as características propias dos textos periodísticos.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa escola e identificar palabras homófonas.
4. Descompoñer palabras en lexema e morfemas, e clasificalas segundo a súa estrutura.
5. Recoñecer o suxeito e o predicado dunha oración e identificar as distintas frases que a constitúen.
6. Recoñecer e valorar o carácter plurilingüe da maior parte dos Estados do mundo.
7. Aplicar correctamente na práctica as regras de acentuación.
8. Coñecer as características dos textos literarios que os diferencian doutros tipos de textos.
9. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados (comprensión, léxico, estrutura, creación).
- 2.1. Identifica os elementos propios dunha noticia e as seis preguntas clave ás que debe dar resposta.
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os substantivos estudados.
- 3.2. Identifica e diferencia palabras homófonas.
- 4.1. Identifica o lexema e os diferentes morfemas dunha palabra.
- 4.2. Clasifica palabras en simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- 4.3. Agrupa palabras por familias léxicas.
- 5.1. Recoñece o suxeito e o predicado dunha oración e identifica as distintas frases que a constitúen.
- 6.1. Valora o carácter plurilingüe da maior parte dos Estados do mundo.
- 7.1. Aplica correctamente as regras de acentuación.
- 8.1. Nun texto literario dado, recoñece as peculiaridades que o identifican como tal.

9.1. Redacta un texto creativo a partir dunha teima ou dun soño.

COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos non-literarios propostos.
 - Ler de maneira comprensiva e crítica diferentes textos periodísticos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar e expresar a opinión persoal respecto dun tema dado.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.
 - Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar unha ficha biográfica a partir dos datos obtidos nun labor de investigación.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**
 - Lectura e comentario dun texto narrativo de Álvaro Cunqueiro.
 - Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal e pracer.
- **Os textos periodísticos: a noticia**
 - Identificación e redacción de titulares.
 - Análise das preguntas clave ás que dá resposta unha noticia periodística.
 - Valoración crítica dos textos periodísticos.
- **Substantivos relacionados coa escola. Palabras homófonas**
 - Relación de sinonimia entre termos dados.
 - Aplicación do vocabulario estudado noutros contextos.
 - Explicación de frases feitas.
 - Aplicación correcta de distintas palabras homófonas.
 - Interese polo enriquecemento do vocabulario e por evitar castelanismos.
- **A estrutura das palabras**
 - Identificación do lexema e dos distintos morfemas dunha palabra.
 - Discriminación entre morfemas dependentes e independentes.
 - Clasificación de palabras segundo a súa estrutura.

- Formación de familias léxicas.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- **A oración**
 - Identificación de suxeito e predicado.
 - Identificación das frases que compoñen unha oración.
- **As linguas do mundo**
 - Valoración do carácter plurilingüe da maior parte dos Estados do mundo.
 - Valoración do plurilingüismo como reflexo do carácter pluricultural do mundo.
- **Acentuación**
 - Aplicación práctica das normas xerais de acentuación.
 - Ditado.
 - Interese por aplicar correctamente as regras da acentuación.
- **O texto literario**
 - Identificación das características propias do texto literario nun texto de Carlos Casares e noutro de carácter tradicional.
 - Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural.
- **Taller de escritura: unha teima**
 - Lectura e comentario dun texto de Oli.
 - Redacción dun relato a partir dunha teima ou dun soño.
 - Coidado na planificación e execución dos propios textos, revisión e autocorrección.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e realizar o comentario correspondente seguindo criterios establecidos.
2. Recoñecer as características propias dos textos periodísticos.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas viaxes e coñecer as clases de termos contrarios.
4. Coñecer a clasificación dos substantivos e aplicar correctamente as regras de formación do plural.
5. Identificar os constituíntes dunha frase e distinguir os diferentes tipos de frases.
6. Coñecer a diferente situación legal das linguas oficiais e non-oficiais e valorar a importancia de preservar a existencia de todas as linguas.
7. Aplicar correctamente na práctica o acento diacrítico.
8. Coñecer as características propias da literatura popular ou tradicional.
9. Coñecer os recursos fónicos e morfosintácticos máis comúns.
10. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.

- 2.1. Le e comenta unha reportaxe periodística seguindo as características propias deste subxénero.
- 3.1. Aplica en distintos contextos os adxectivos estudados.
- 3.2. Recoñece os termos contrarios e identifica, dentro deles, os antónimos.
- 4.1. Diferencia substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, contables e non contables, individuais e colectivos.
- 4.2. Forma o plural de substantivos dados.
- 5.1. Recoñece os distintos tipos de frases e identifica os seus constituíntes.
- 6.1. Coñece os conceptos de *lingua oficial* e *lingua non-oficial*.
- 6.2. Sabe cales son os obxectivos da *Carta Europea das linguas Rexionais ou Minoritarias*.
- 7.1. Aplica o acento diacrítico en palabras con a.
- 8.1. Comenta, a partir dun texto, as características propias da literatura popular.
- 9.1. Recoñece e clasifica os recursos de: aliteración, anáfora e hipérbato.
- 10.1. Crea un texto a partir dunha situación que lle produce medo.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Redactar textos propios cambiando o punto de vista do narrador.
- Ler de maneira comprensiva e crítica diferentes textos periodísticos.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Reflexionar acerca do carácter monolingüe dalgúns Estados e buscar as posibles causas.
- Investigar de maneira autónoma e eficiente para realizar os traballos propostos.

- Competencia cultural e artística

- Valorar a riqueza que ofrece calquera lingua, como un ben común que cómpre conservar e defender.
- Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información sobre acontecementos históricos.
- Buscar información sobre unha obra literaria, tanto en soportes dixitais como tradicionais (enciclopedias e dicionarios).

- Competencia para aprender a aprender

- Formular e resumir datos mediante fichas.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Lectura e comentario

- Lectura e comentario dun texto de Paco Martín.
- Anotación do vocabulario novo.
 - Valoración das persoas que nos rodean e da importancia que teñen nas nosas vidas.

- Os textos periodísticos: a reportaxe

- Comentario dunha reportaxe periodística.
 - Valoración crítica dos textos periodísticos.
- **Adxectivos relacionados coas viaxes. Termos contrarios: os antónimos**
 - Identificación de termos coa súa definición.
 - Formación de palabras derivadas e identificación da palabra primitiva da que proceden.
 - Correspondencia entre termos contrarios.
 - Busca de antónimos para palabras dadas.
 - Interese por ampliar o caudal léxico e evitar palabras incorrectas.
- **O substantivo e as súas clases. O número: formación do plural**
 - Recoñecemento de substantivos nun texto.
 - Clasificación de substantivos.
 - Conversión a plural de substantivos e oracións en singular.
 - Conversión a plural de palabras compostas.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- **As frases**
 - Clasificación de frases segundo o seu núcleo e identificación dos seus elementos.
- **As linguas de Europa**
 - Expresión da propia opinión respecto do status das linguas oficiais e non-oficiais.
 - Redacción de obxectivos para impulsar o uso das linguas menos protexidas.
 - Valoración da lingua como expresión dunha identidade colectiva.
- **O acento diacrítico: palabras con *a***
 - Aplicación práctica do acento diacrítico en palabras con *a*.
 - Ditado.
 - Respecto polas convencións da norma escrita.
- **A literatura popular ou tradicional. Os recursos literarios fónicos e morfosintácticos**
 - Comentario das características da literatura popular a partir de diferentes textos.
 - Identificación e clasificación dos recursos da aliteración, o hipérbato e a anáfora en textos de Uxío Novoneyra e A. Iglesia Alvarino.
 - Curiosidade por coñecer os principais recursos estilísticos da lírica.
- **Taller de escritura: xogamos co medo**
 - Lectura e comentario dun texto de Xabier P. Docampo.
 - Redacción de textos creativos a partir de situacións que infunden medo ou temor.
 - Valoración dos textos propios e alleos.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e realizar o comentario correspondente seguindo criterios establecidos.
2. Recoñecer as características propias dos textos periodísticos.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas relacións interpersoais e saber qué é un campo

semántico.

4. Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes en masculino.
5. Recoñecer o suxeito dunha oración e identificar o tipo de frases que poden realizar esta función.
6. Comprender os conceptos de *lingua minorizada* e *lingua dominante*.
7. Aplicar correctamente na práctica o acento diacrítico.
8. Recoñecer as composicións literarias que pertencen aos xéneros narrativo e lírico.
9. Coñecer algúns dos recursos semánticos máis comúns.
10. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Le e comenta unha crónica periodística seguindo as características propias deste subxénero.
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os verbos estudados.
- 3.2. Agrupa palabras segundo o campo semántico ao que pertencen.
- 4.1. Indica o xénero dalgúns substantivos e discrimina entre substantivos variables e invariables.
- 4.2. Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.
- 5.1. Nunha oración, identifica o suxeito e analiza os seus constituíntes.
- 6.1. Comprende os conceptos de *lingua dominante* e *lingua minorizada*.
- 7.1. Aplica o acento diacrítico en palabras con e e con o, segundo teñan vogal semiaberta ou semipechada.
- 8.1. Recoñece as obras literarias que pertencen aos xéneros lírico e narrativo e identifica as súas características.
- 9.1. Identifica os recursos semánticos da comparación, a metáfora e a metonimia.
- 10.1. Redacta textos creativos a partir de palabras crebadas.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva e crítica diferentes textos periodísticos.
- Entender as causas das regras internas da lingua.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Expresar os propios gustos.
- Argumentar acerca dun determinado tema, achegando razóns que xustifiquen a postura adoptada.

- Competencia cultural e artística

- Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.
- Valorar a importancia de todas as linguas, sexa cal sexa a súa situación, e fomentar o seu uso en calquera ámbito.

- Competencia social e cidadá

- Simular situacións conflitivas co fin de achegar solucións.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Facer resumos.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**

- Lectura e comentario dun texto de Orencio Pérez González.
- Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración da tolerancia e do diálogo como base indispensable para as relacións.

- **Os textos periodísticos: a crónica**

- Comentario dunha crónica periodística.
 - Valoración crítica dos textos periodísticos.

- **Verbos relacionados coas relacións persoais. O campo semántico**

- Correspondencia entre diferentes termos e a súa definición.
- Clasificación de palabras segundo o campo semántico.
- Correspondencias de sinónimos e contrarios.
- Explicación de expresións e frases feitas.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e axeitado.

- **O xénero do substantivo: formación do feminino**

- Discriminación entre substantivos variables e invariables en canto ao xénero.
- Aplicación das normas da formación do feminino.
- Identificación do xénero de palabras mediante o uso de determinantes e a concordancia.
 - Interese por aplicar correctamente as regras de formación do feminino.

- **O suxeito**

- Identificación do suxeito de oracións dadas.
- Análise sintáctica das frases que desempeñan a función de suxeito.

- **A situación das linguas. Linguas dominantes e linguas minorizadas**

- Reflexión a partir de textos e argumentación da postura persoal ao respecto.
 - Valoración de todas as linguas por igual, sexa cal sexa a súa situación legal.

- **O acento diacrítico**

- Aplicación práctica do acento diacrítico en palabras con e e con o.
- Ditado.
 - Valoración da pronunciación correcta das vogais semiabertas e semipechadas como un trazo distintivo do coñecemento adecuado da nosa lingua.

- **Os xéneros literarios. Os recursos literarios semánticos**

- Comentario das características das obras líricas e das obras narrativas a partir de textos de Agustín Fernández Paz e Ramón Cabanillas.
- Identificación dos recursos semánticos da comparación, a metáfora e a metonimia.
 - Valoración da importancia da función estética da linguaxe na literatura.

- **Taller de escritura: xogamos co medo**

- Lectura e comentario dun texto de Manuel Antonio Pina.

- Redacción de textos a partir de xogos con palabras.
- Valoración da imaxinación e do xogo na creación literaria.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Dominar as técnicas de traballo para chegar a analizar correctamente calquera texto.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa casa e identificar topónimos.
4. Recoñecer semántica e morfoloxicamente os adxectivos.
5. Diferenciar o suxeito axente e o suxeito paciente e ser capaz de recoñecer e clasificar as oracións sen suxeito.
6. Coñecer o *status* das diferentes linguas do Estado español.
7. Coñecer a función do acento diacrítico e aplicalo correctamente en todos os casos.
8. Saber cales son as características da novela que a definen como xénero e analizar os elementos da narración.
9. Coñecer algúns dos recursos semánticos máis comúns.
10. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un texto seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Nun texto, identifica a idea principal e as secundarias que a amplían ou explican.
- 3.1. Aplica en distintos contextos os substantivos estudados.
- 3.2. Diferencia palabras polisémicas e homónimas.
- 3.3. Identifica e clasifica topónimos.
- 4.1. Clasifica adxectivos en especificativos e explicativos.
- 4.2. Forma o feminino de adxectivos rematados en *-án* ou *-ano*.
- 4.3. Utiliza correctamente as partículas comparativas.
- 5.1. Identifica o suxeito paciente nunha oración pasiva.
- 5.2. Discrimina as oracións impersoais, aparentemente impersoais e con suxeito omitido.
- 6.1. Sabe que linguas se falan no Estado español e cal é o seu status.
- 7.1. Aplica correctamente o acento diacrítico.
- 8.1. Coñece as características da novela.
- 8.2. Identifica o tipo de narrador nun texto narrativo e sabe dicir se é omnisciente, protagonista ou testemuña.
- 9.1. Recoñece os recursos da personificación, a hipérbole, a ironía e a antítese.
- 10.1. Redacta textos creativos a partir do punto de vista dun animal.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non-literarios.

- Manifestar curiosidade pola orixe dos nomes propios.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Extraer ensinanzas dos textos lidos e aplicalas á vida cotiá.
 - Saber «ler entre liñas» e extraer conclusións.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar o plurilingüismo como unha riqueza que cómpre preservar.
 - Valorar a importancia que a tradución de obras clásicas ou divulgativas ten para a normalización dunha lingua.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías e outros medios de consulta tradicionais para obter información sobre autores literarios.
 - Ordenar e organizar información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar fichas cos datos obtidos nun labor de investigación.
 - Recoñecer a idea central dun texto, así como algunhas ideas secundarias.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**
 - Lectura e comentario dun texto de Eduardo Blanco Amor.
 - Valoración das actitudes pacíficas.
- **Técnicas de traballo: idea principal e ideas secundarias**
 - Identificación da idea principal e das secundarias en cada parágrafo dun texto.
 - Elaboración dun resumo a partir das ideas principais seleccionadas.
 - Conciencia da importancia das técnicas de traballo para organizar a información.
- **Substantivos relacionados coa casa. Palabras polisémicas e homónimas. Topónimos**
 - Relación dos substantivos coa ilustración.
 - Buscas no dicionario e clasificación de palabras en polisémicas e homónimas.
 - Explicación de refráns.
 - Clasificación de topónimos segundo o seu significado.
 - Interese por aumentar o caudal léxico e evitar castelanismos.
- **O adxectivo cualificativo: clasificación, xénero, grao comparativo**
 - Clasificación de adxectivos en explicativos/especificativos, variables/invariables.
 - Formación do feminino de adxectivos rematados en *-án/-ano*.
 - Aplicación das partículas comparativas.
 - Explicación do significado de adxectivos dados segundo a súa posición.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- **O suxeito axente e o suxeito paciente. Oracións sen suxeito**
 - Identificación do suxeito paciente en oracións pasivas.
 - Clasificación de oracións sen suxeito.
- **As linguas do Estado español**

- Coñecemento das linguas do Estado español e do diferente *status* que presentan.
 - Valoración do plurilingüismo como unha riqueza cultural que cómpre preservar.
- **O acento diacrítico**
 - Aplicación do acento diacrítico en palabras e textos.
 - Ditado.
- **A novela. Os elementos da narración. Os recursos semánticos**
 - Clasificación de novelas segundo o título.
 - Identificación da clase de narrador nun texto de Xosé Neira Vilas.
 - Identificación de recursos semánticos: personificación, hipérbole, ironía, antítese.
 - Curiosidade por coñecer os principais recursos estilísticos da lírica.
- **Taller de escritura: a orixe**
 - Lectura dun texto de Bernardo Atxaga.
 - Redacción dun texto segundo o punto de vista dun animal.
 - Valoración dos textos creativos propios e respecto polas creacións alleas.

UNIDADE 5

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Dominar as técnicas de traballo para organizar correctamente a información dun texto.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas compras.
4. Recoñecer os distintos determinantes e os seus usos especiais.
5. Diferenciar oracións con predicado nominal e predicado verbal.
6. Coñecer a evolución histórica da lingua galega e a importancia do seu recoñecemento na Constitución e no Estatuto de Autonomía.
7. Aplicar correctamente na práctica os distintos signos de puntuación e as maiúsculas.
8. Recoñecer as características da novela histórica e analizar os elementos da narración.
9. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Elabora diferentes esquemas a partir dun texto.
- 3.1. Aplica en distintos contextos os substantivos estudados.
- 4.1. Identifica e clasifica os determinantes dun texto.
- 4.2. Recoñece os usos especiais dos demostrativos.
- 4.3. Recoñece os usos especiais dos posesivos.
- 5.1. Discrimina o predicado verbal e o predicado nominal segundo a natureza do seu núcleo.
- 6.1. Identifica o galego como lingua propia de Galicia e coñece o proceso que o levou a converterse nunha lingua minorizada.
- 7.1. Aplica as normas de uso dos signos de puntuación e da maiúscula.
- 8.1. Sabe cales son as características propias da novela histórica.

- 8.2. Entende a diferenza entre personaxes principais e secundarios.
- 8.3. Nun texto narrativo, reconece os fragmentos onde aparecen diálogos directos e indirectos.
- 9.1. Analiza e inventa títulos para relatos e crea textos propios a partir de pautas dadas.

COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
- Analizar textos non-literarios, diferenciando as súas partes.

- **Autonomía e iniciativa persoal**

- Expoñer un feito con coherencia, argumentando a postura persoal.
- Analizar de maneira reflexiva as causas que levan a unha situación lingüística determinada.

- **Competencia cultural e artística**

- Valorar a lingua como sinal de identidade dun pobo e como reflexo da forma de entender a realidade.
- Valorar a importancia do labor social e institucional na defensa, recoñecemento e normalización dunha lingua.
- Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.
- Valorar a creatividade na produción dos propios textos.

- **Competencia social e cidadá**

- Observar actitudes de tolerancia e respecto nos debates.
- Presentarse correctamente ante os demais.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Elaborar un esquema a partir dun texto expositivo.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**

- Lectura e comentario dun texto de Álvaro Magalhães.
- Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración da lectura como fonte de pracer e de aprendizaxe.

- **Técnicas de traballo: o esquema**

- Identificación da idea principal de cada parágrafo dun texto expositivo.
- Elaboración dun esquema.
 - Interese por coñecer o noso contorno, como paso previo para valoralo e protexelo.
 - Conciencia da importancia das técnicas de traballo para organizar a información.

- **Substantivos relacionados coas compras**

- Relación de palabras e imaxes.
- Agrupación de palabras segundo uns criterios determinados.
- Explicación de refráns e frases feitas.
- Buscas no dicionario.
 - Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado a cada momento.

- **Os determinantes**
 - Identificación e clasificación dos determinantes dun texto.
 - Aplicación dos determinantes e das súas contraccións en oracións e textos.
 - Explicación e aplicación dos usos particulares dos demostrativos e dos posesivos.
 - Actitude comprometida coa preservación dos bens naturais do noso Planeta.
- **O predicado**
 - Identificación das oracións simples dun texto.
 - Discriminación de predicado verbal e predicado nominal.
- **A lingua galega**
 - Reflexión acerca da evolución da lingua galega.
 - Análise dalgúns artigos fundamentais do *Estatuto de Autonomía* acerca da lingua galega.
 - Valoración da importancia do labor institucional e social para fomentar o uso da lingua.
- **Signos de puntuación**
 - Puntuación de textos.
 - Ditado.
- **A novela histórica. Elementos da narración**
 - Análise das características da novela histórica a partir dun texto de Teresa Moure.
 - Análise e clasificación dos personaxes de textos narrativos.
 - Transformación de diálogos directos en diálogos indirectos.
- **Taller de escritura: gárdame o segredo**
 - Clasificación e invención de títulos.
 - Redacción de textos creativos a partir dun segredo.

UNIDADE 6

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Dominar as técnicas de traballo para organizar correctamente a información dun texto.
3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa descrición física de persoas e identificar os termos complementarios.
4. Coñecer semántica e formalmente as distintas formas dos pronomes persoais átonos.
5. Coñecer a estrutura da oración copulativa e analizala sintacticamente.
6. Recoñecer as variedades de fala nos tres bloques lingüísticos de Galicia.
7. Aplicar correctamente os signos de puntuación.
8. Recoñecer as características da novela policial e analizar os elementos da narración.
9. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un mito clásico coa fluidez e a comprensión adecuadas.
- 1.2. Comenta un mito seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Realiza o resumo dun texto seguindo o procedemento adecuado.
- 3.1. Aplica en distintos contextos os adxectivos estudados.
- 3.2. Identifica os termos complementarios como unha clase de termos contrarios e aplícaos correctamente.
- 4.1. Recoñece as formas átonas dos pronomes persoais, así como as formas que resultan da súa concorrencia.
- 4.2. Diferencia na práctica o uso de *te/che* e *lle/lles*.
- 5.1. Recoñece as oracións copulativas e analiza sintacticamente o predicado nominal.
- 6.1. Coñece algúns trazos distintivos da fala dos tres bloques lingüísticos de Galicia.
- 7.1. Coñece e aplica correctamente as normas de uso dos signos de interrogación e de exclamación.
- 8.1. Recoñece nun texto as características propias da novela policial.
- 8.2. Analiza o espazo e mais a orde temporal dos acontecementos nun fragmento narrativo.
- 9.1. Reescribe un texto seguindo estratexias creativas e xogos lingüísticos.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos literarios.
- Analizar textos expositivos diferenciando as súas partes.
- Valorar a creatividade e o esforzo na produción de textos.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Facer un pequeno traballo con autonomía e reflexión.

- Competencia cultural e artística

- Valorar e respectar as distintas variantes da fala segundo o territorio.
- Valorar a importancia da lingua estándar na escrita.
- Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.

- Competencia social e cidadá

- Valorar a importancia de actitudes pacíficas para a convivencia.
- Analizar actitudes de maneira crítica e razoada.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en diversos soportes tradicionais (dicionarios, enciclopedias...) e dixitais.
- Interpretar mapas e extraer conclusións.

- Competencia para aprender a aprender

- Facer o resumo dun texto expositivo a partir dun esquema.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Lectura e comentario

- Lectura e comentario dun mito clásico.
- Anotación de vocabulario novo.
 - Valoración da literatura tradicional como referencia para a creación doutros textos.
- **Técnicas de traballo: o resumo**
 - Lectura e análise, parágrafo a parágrafo, dun texto expositivo.
 - Elaboración dun resumo a partir dun esquema.
 - Curiosidade por coñecer os produtos propios da nosa terra.
- **Adxectivos relacionados coa descrición de persoas. Os termos complementarios**
 - Relacións de sinonimia.
 - Identificación de palabras derivadas doutras dadas.
 - Redacción dun texto descritivo cos adxectivos propostos.
 - Relación de termos complementarios.
 - Interese por aumentar o caudal léxico e evitar castelanismos.
- **Os pronomes persoais**
 - Identificación de pronomes átonos nun texto e análise das contraccións.
 - Aplicación das formas átonas *te/che* e *lle/lles* en diversas oracións e textos.
 - Aplicación das diversas formas dos pronomes átonos de 3ª persoa en función de complemento directo.
 - Substitución de sintagmas por contraccións de pronomes de CD e de CI.
 - Actitude reflexiva no uso da lingua.
- **Oracións copulativas**
 - Identificación das oracións copulativas dun texto e análise do seu predicado nominal.
- **Variedades de fala**
 - Identificación de palabras dadas co bloque lingüístico ao que pertencen.
 - Valoración da diversidade lingüística na fala como unha riqueza que cómpre conservar.
 - Valoración dunha norma estándar na escrita para acadar a corrección lingüística.
- **Signos de puntuación**
 - Puntuación de textos.
 - Ditado.
- **A novela policial. Elementos da narración**
 - Comentario dun fragmento dunha novela policial de Marilar Aleixandre.
 - Análise do tempo na narración e identificación da orde temporal seguida.
 - Análise e clasificación do espazo narrativo nun fragmento.
 - Valoración das distintas manifestacións artísticas e culturais.
- **Taller de escritura: manipulando**
 - Reescritura dun texto seguindo uns criterios lingüísticos dados.
 - Gozo cos xogos lingüísticos e creativos.

UNIDADE 7

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer as características e a linguaxe propia dos textos instrutivos.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa fauna e a flora.
4. Coñecer as normas de colocación dos pronomes persoais átonos e aplicarlas correctamente.
5. Coñecer a estrutura do predicado verbal e analizar oracións predicativas.
6. Coñecer as variedades sociais e situacionais da lingua.
7. Empregar correctamente algunhas grafías que poden ofrecer dificultades.
8. Analizar os elementos da narración nun fragmento narrativo.
9. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas e coñecer as diferentes clases de finais dunha narración.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Analiza as peculiaridades lingüísticas dun texto instrutivo.
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os substantivos aprendidos na unidade.
- 4.1. Aplica correctamente as normas de colocación dos pronomes persoais átonos.
- 5.1. Identifica as oracións predicativas e sabe cales son os elementos constitutivos do predicado verbal.
- 6.1. Distingue claramente os diferentes niveis de lingua: culto, medio e vulgar.
- 6.2. Identifica os diferentes rexistros de lingua: formal e informal.
- 7.1. Aplica correctamente as normas de uso do *h*.
- 8.1. Recoñece a persoa narrativa (1ª ou 3ª) e identifícaa cun determinado tipo de narrador.
- 9.1. Coñece os catro tipos de finais distintos cos que poden rematar as historias de ficción.
- 9.2. Redacta textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos literarios.
- Analizar textos instrutivos fixándose de maneira particular na linguaxe utilizada.
- Manifestar interese pola creación de textos fantásticos e orixinais.
- Valorar a educación como factor indispensable para acadar unha correcta comunicación lingüística.

- Competencia social e cidadá

- Manifestar unha actitude comprometida ante situacións inxustas ou de abandono.
- Mostrar unha actitude respectuosa ante a maneira de vivir ou de actuar dos demais.
- Ser consciente da importancia de adecuar o rexistro lingüístico á situación concreta na que ten lugar o acto comunicativo.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en diversos soportes e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.

- Competencia para aprender a aprender

- Elaborar unha ficha de autor a partir dos datos obtidos nun labor de investigación.

- Redactar un resumo dun fragmento narrativo.
- Sintetizar o tema dun texto nun título.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**

- Lectura e comentario dun texto de Manuel Rivas.
- Anotación de vocabulario novo.
 - Conciencia da importancia da educación e dos valores humanos das persoas.

- **Os textos instrutivos**

- Comentario de distintos textos instrutivos.
 - Interese por comprender e interpretar correctamente todo tipo de textos.

- **Substantivos relacionados coa fauna e a flora**

- Correspondencia entre nomes e ilustracións ou definicións.
- Relacións de sinonimia e clasificación de palabras por campos semánticos.
- Formación de palabras derivadas engadindo determinados sufixos.
 - Interese por aumentar o caudal léxico e utilizalo correctamente en todos os contextos.

- **Os pronomes persoais**

- Aplicación das normas de colocación dos pronomes átonos.
 - Gusto por dominar as convencións gramaticais que regulan a escrita.

- **O predicado verbal**

- Diferenciación de predicados verbais e predicados nominais.
- Identificación do núcleo e dos complementos nun predicado verbal.

- **Variedades de lingua**

- Reflexión acerca do nivel lingüístico que posúen diferentes falantes.
- Identificación do nivel de lingua empregado en diferentes textos.
- Identificación do rexistro lingüístico adecuado para cada situación comunicativa.
 - Conciencia da importancia da aprendizaxe para acadar un nivel de lingua correcto.
 - Esfuerzo por adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.

- **Emprego do *h***

- Aplicación do *h* en palabras e oracións.
- Aplicación de prefixos gregos con *h* e explicación do seu significado.
- Aplicación correcta de palabras que se diferencian pola presenza ou ausencia de *h*.
- Ditado.
 - Interese por utilizar correctamente certas grafías e por evitar castelanismos.

- **Elementos da narración: a persoa narrativa**

- Análise da persoa narrativa e do narrador en textos de Castelao e de M. Rivas.
- Análise dos cambios que se producen nun texto ao cambiar o punto de vista.

- **Taller de escritura: acabar ben**

- Lectura dun texto de Ursula Wölfel e análise do final elixido.
- Redacción de textos imaxinativos e innovadores.

- Gozo coa redacción de textos creativos propios e respecto cara ás producións alleas.

UNIDADE 8

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer os recursos propios dos textos oficiais.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa forma de ser das persoas e recoñecer os procedementos de formación dos xentilicios.
4. Saber conxugar os verbos regulares e aqueles que presentan variacións.
5. Diferenciar verbos transitivos e intransitivos e recoñecer o complemento directo dun predicado verbal.
6. Comprender os conceptos de conflito *lingüístico*, *lingua inicial* e *lingua habitual*.
7. Empregar correctamente algunhas grafías que poden ofrecer dificultades.
8. Coñecer as características propias do conto, a súa estrutura interna e a diferenza entre *final pechado* e *final aberto*.
9. Coñecer as características da fábula e a súa estrutura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Coñece a estrutura dunha solicitude oficial e aplícaa nun texto propio.
- 3.1. Aplica en distintos contextos os adxectivos estudados.
- 3.2. Relaciona os xentilicios cos topónimos correspondentes e forma xentilicios cos sufixos adecuados.
- 4.1. Utiliza correctamente as distintas formas verbais dos verbos regulares.
- 4.2. Conxuga correctamente verbos regulares que presentan variacións.
- 5.1. Recoñece o complemento directo nun predicado verbal e substitúeo polo pronome átono correspondente.
- 6.1. Comprende a situación de conflito que se produce cando hai dúas linguas en contacto.
- 6.2. Comprende os conceptos de *lingua inicial* e *lingua habitual*.
- 7.1. Emprega correctamente as grafías *n/ñ* en situación intervocálica.
- 8.1. Analiza as características do conto, a súa estrutura interna e o tipo de final empregado.
- 9.1. Analiza as características da fábula e redacta unha a partir da súa ensinanza.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos literarios.
- Demostrar a competencia lingüística redactando textos oficiais.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Elaborar de maneira autónoma un traballo expositivo.

- **Competencia cultural e artística**
 - Reflexionar acerca da importancia do uso dunha lingua como lingua habitual para acadar a súa normalización.
 - Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.
- **Competencia social e cidadá**
 - Rexeitar comportamentos discriminatorios por razóns de sexo.
 - Debater sobre un tema con tolerancia e respecto polas opinión alleas.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Buscar información en diversos soportes tradicionais e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.
 - Interpretar gráficos e extraer conclusións.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar cadros que reflectan con claridade os datos obtidos nun labor de investigación.
 - Elaborar unha ficha de autor.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**
 - Lectura e comentario dun texto de Fina Casalderrey.
 - Valoración do estudo como fonte de enriquecemento e de formación persoal.
- **Os textos oficiais: a solicitude**
 - Redacción dunha solicitude a partir dun modelo.
 - Interese por aprender a manexar textos de diferentes tipos.
- **Adxectivos relacionados coa forma de ser. Os xentilicios**
 - Correspondencia entre palabras e o seu significado.
 - Relación de sinónimos e termos contrarios.
 - Identificación de palabras derivadas coa palabra primitiva da que proceden.
 - Formación de xentilicios e correspondencia cos seus topónimos.
 - Gusto por elixir a palabra máis adecuada para cada contexto.
- **Os verbos: verbos regulares e verbos con variacións**
 - Uso axeitado das diferentes formas dos verbos regulares para completar textos.
 - Definición de formas verbais segundo as súas desinencias.
 - Conxugación de verbos con variacións e aplicación das formas correctas.
 - Esforzo por dominar a conxugación dos verbos regulares.
- **Os complementos do verbo: complemento directo**
 - Recoñecemento de verbos transitivos e intransitivos.
 - Identificación do complemento directo nunha oración e análise da frase que desempeña esa función.
 - Substitución dunha frase que funciona como CD polo pronome átono correspondente.
- **O galego hoxe: linguas en contacto, lingua inicial e lingua habitual**
 - Interpretación e análise de gráficos.

- Elaboración de cadros que recollan os datos obtidos nun labor de investigación.
 - Valoración do galego como lingua habitual na nosa comunidade.
- **Emprego de *n* e *ñ***
 - Aplicación práctica de *n* e *ñ* intervocálico en palabras que poden ofrecer dúbidas.
 - Esfuerzo por evitar as interferencias do castelán e por facer un uso correcto da lingua.
- **O conto**
 - Análise das características e da estrutura dun conto de Ánxel Fole.
 - Clasificación dun conto segundo o seu tema.
 - Sensibilidade estética perante as producións literarias.
- **Taller de escritura: empezar polo final**
 - Análise das características e da estrutura dunha fábula.
 - Creación dunha fábula a partir dunha ensinanza dada.
 - Valoración da literatura tradicional como medio de aprendizaxe e crítica.

UNIDADE 9

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Recoñecer as características e a estrutura propias dos textos expositivos.
3. Coñecer o vocabulario básico estudado e recoñecer antropónimos.
4. Saber conxugar correctamente os verbos irregulares.
5. Recoñecer o complemento indirecto nunha oración.
6. Comprender os conceptos de *competencia* e *actitude lingüística*.
7. Empregar correctamente algunhas grafías que poden ofrecer dificultades.
8. Coñecer as características e os recursos propios da lírica medieval.
9. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Coñece os pasos necesarios para preparar correctamente unha conferencia.
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os verbos de acción estudados.
- 3.2. Recoñece antropónimos e clasifícaos segundo o seu significado.
- 4.1. Conxuga correctamente os verbos irregulares.
- 5.1. Recoñece o complemento indirecto e substitúeo polo pronome átono correspondente.
- 6.1. Comprende os conceptos de *competencia lingüística* e de *actitude lingüística* e reflexiona acerca da situación actual do galego.
- 7.1. Aplica correctamente b e v en verbos acabados en *-ber/-ver* e *-bir/-vir*.
- 8.1. Clasifica e comenta cantigas tendo en conta a métrica e os recursos estilísticos propios da lírica medieval.
- 9.1. Sabe que é un acróstico e crea acrósticos seguindo unhas pautas dadas.

COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos literarios.
- Preparar textos expositivos e ser capaz de expoñelos en público con coherencia e fluidez.
- Gozar coa creación de textos propios e cos xogos lingüísticos.

- **Autonomía e iniciativa persoal**

- Elaborar de maneira autónoma un traballo expositivo.
- Analizar de maneira reflexiva as causas dunha situación lingüística determinada e propoñer solucións.

- **Competencia cultural e artística**

- Reflexionar acerca da situación actual da lingua galega.
- Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.

- **Tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en diversos soportes, tanto tradicionais (dicionarios, enciclopedias...) como correspondentes ás novas tecnoloxías.
- Interpretar gráficos e analizar os datos que conteñen.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Elaborar un resumo dun fragmento narrativo.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**

- Lectura e comentario dun texto literario de Francisco Fernández Naval.
- Anotación e interiorización do vocabulario novo.
 - Gozo coa lectura de novelas de aventuras e suspense.

- **Os textos expositivos**

- Preparación dunha conferencia sobre un tema determinado.
- Elección dos medios audiovisuais máis adecuados para a exposición.
 - Conciencia do valor expresivo e comunicativo da linguaxe non-verbal.

- **Verbos de acción. Os antropónimos**

- Substitución de verbos polisémicos por outros de significado máis preciso.
- Diferenciación práctica de *invertir/invertir*, *recorrer/percorrer*.
- Corrección de castelanismos.
- Clasificación de antropónimos segundo o seu significado.
 - Curiosidade por coñecer a procedencia das palabras.

- **O verbo: os verbos irregulares**

- Identificación de verbos en diversos textos e definición segundo as súas desinencias.
- Aplicación en oracións e textos das formas adecuadas dos verbos irregulares.
- Transformación de oracións e textos cambiando o tempo verbal.
 - Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.

- **Os complementos do verbo: o complemento indirecto**
 - Identificación do complemento directo e do complemento indirecto nun texto.
 - Substitución das frases que funcionan como CI polo pronome átono correspondente.
- **O galego hoxe: competencia lingüística e actitudes lingüísticas**
 - Interpretación e comentario de gráficos.
 - Reflexión acerca das actitudes lingüísticas con respecto ao galego.
- **Emprego de b e v: verbos acabados en -ber/-ver e en -bir/-vir**
 - Aplicación práctica de *caber/precaver*, *absolver/absorber*.
 - Aplicación de verbos acabados en *-ber/-ver*, *-bir/-vir* e das súas familias léxicas.
 - Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.
- **A lírica medieval**
 - Análise e clasificación de cantigas medievais.
 - Comentario da rima e dos recursos estilísticos (paralelismo, leixa-pren, refrán).
 - Elección de versos para completar unha cantiga tendo en conta os recursos estilísticos.
 - Valoración da tradición literaria como referencia para a creación doutros textos.
- **Taller de escritura: acrósticos**
 - Recoñecemento e redacción de versos acrósticos.
 - Gusto pola creación de textos innovadores e polos xogos lingüísticos.

UNIDADE 10

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer algunhas mostras de textos persoais e identificar as súas peculiaridades.
3. Coñecer o vocabulario básico relacionado co parentesco e diferenciar termos recíprocos.
4. Saber cales son as formas nominais dos verbos e identificar e clasificar perífrases verbais.
5. Recoñecer o complemento circunstancial nunha oración e o complemento axente nunha oración pasiva.
6. Comprender os conceptos de *bilingüismo* e *diglosia*.
7. Empregar correctamente as vogais en determinadas palabras que poden ofrecer dificultades.
8. Coñecer os temas máis frecuentes da lírica e algunhas estrofas de tres e catro versos.
9. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Recoñece as características de distintos tipos de textos persoais (carta, correo electrónico, notas, SMS).
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os substantivos estudados.
- 3.2. Identifica os termos recíprocos e diferéncias dos antónimos e complementarios.
- 4.1. Coñece as formas nominais dos verbos.

- 4.2. Identifica e clasifica perífrases verbais segundo o matiz que expresen.
- 5.1. Identifica o complemento circunstancial nunha oración e sabe que frases poden desempeñar esta función.
- 5.2. Identifica o complemento axente nunha oración pasiva.
- 6.1. Comprende os conceptos de *bilingüismo* e *diglosia* e reflexiona acerca da situación actual do galego.
- 7.1. Aplica correctamente as vogais en palabras que poden ofrecer dúbidas polas interferencias do castelán.
- 8.1. Recoñece as estrofas máis comúns de tres e catro versos e identifica un soneto.
- 9.1. Redacta textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos.
- Demostrar a competencia lingüística redactando correctamente diversos textos persoais.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Expresar os sentimentos sen prexuízos.

- Competencia cultural e artística

- Reflexionar acerca das medidas necesarias para que as dúas linguas dunha comunidade convivan en situación de igualdade.
- Valorar a literatura popular e tradicional, como expresión da percepción da vida que ten un pobo e como referente para a creación de textos posteriores.
- Valorar os refráns como froito da sabedoría popular.

- Competencia social e cidadá

- Argumentar de maneira sólida as propias opinións.
- Debater sobre un tema con tolerancia e respecto.
- Mostrar actitudes solidarias con respecto aos máis débiles.
- Valorar a familia e os vínculos afectivos.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en diversos soportes tradicionais e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.

- Competencia para aprender a aprender

- Elaborar unha ficha de autor.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación.

CONTIDOS

- Lectura e comentario

- Lectura e comentario dun texto literario.
- Valoración da solidariedade e da xenerosidade.

- Os textos persoais: carta, correo electrónico, notas, SMS

- Análise e comentario de distintos textos persoais.
- Análise dos distintos elementos que interveñen en cada texto.

- **Substantivos relacionados coas relacións de parentesco. Os termos recíprocos**
 - Transformación de substantivos masculinos en femininos.
 - Correspondencia entre termos e definicións.
 - Relacións de sinonimia.
 - Emparellamentos de termos recíprocos.
 - Interese por utilizar correctamente a nosa lingua, evitando castelanismos.

- **O verbo: as formas nominais, as perífrases verbais**
 - Identificación das formas nominais de calquera verbo.
 - Identificación de perífrases verbais e dos elementos que as constitúen.
 - Clasificación de perífrases e explicación do seu significado.
 - Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.

- **Os complementos do verbo: o complemento circunstancial, o complemento axente**
 - Identificación das frases que funcionan como CC nun texto.
 - Discriminación entre oracións activas e pasivas e identificación, nestas últimas, do complemento axente.
 - Transformación de oracións activas a pasivas.

- **Bilingüismo e diglosia. As interferencias lingüísticas**
 - Reflexión, a partir de textos, acerca da situación de diglosia que se produce en Galicia.
 - Corrección de castelanismos.
 - Valoración da importancia de usar a lingua galega en calquera situación comunicativa e evitando castelanismos, como paso indispensable para acadar a súa normalización.

- **Uso correcto das vogais**
 - Aplicación das vogais adecuadas para completar palabras que poden ofrecer dúbidas.
 - Ditado.
 - Interese por escribir correctamente e evitar castelanismos.

- **A lírica amorosa e a poesía social. Algunhas estrofas de tres e catro versos**
 - Análise e comentario de diferentes textos poéticos de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, Manuel Rivas e Ana M.^a Fernández, atendendo principalmente á rima, á métrica e aos recursos literarios estudados.
 - Clasificación de distintos tipos de estrofas e identificación dun soneto.

- **Taller de escritura. Poesía de diario**
 - Redacción de textos literarios a partir de rutinas diarias.
 - Sensibilidade estética perante as producións literarias propias e alleas.

UNIDADE 11

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Comprender que son os conectores e utilízalos correctamente nas producións persoais.
3. Coñecer o vocabulario básico estudado e aplicar correctamente palabras parónimas.
4. Recoñecer e clasificar os adverbios e as locucións adverbiais.

5. Clasificar unha oración simple segundo a natureza do predicado e segundo o suxeito.
6. Analizar a situación actual do galego no ensino.
7. Utilizar correctamente os grupos consonánticos con *l* e *r*.
8. Coñecer outras manifestacións actuais da lírica.
9. Redactar textos poéticos seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Recoñece e clasifica conectores e comprende cal é a súa función.
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os substantivos estudados.
- 3.2. Identifica e aplica correctamente palabras parónimas.
- 4.1. Recoñece e clasifica adverbios e locucións adverbiais, e identifica a palabra que modifican en cada caso.
- 5.1. Clasifica as oracións en activas e pasivas, copulativas e predicativas, transitivas e intransitivas.
- 5.2. Clasifica as oracións segundo a presenza ou ausencia do suxeito.
- 6.1. Reflexiona acerca da aplicación da *Lei de Normalización Lingüística* no ensino.
- 7.1. Aplica correctamente os grupos consonánticos con *l* e con *r*.
- 8.1. Comenta as características propias de textos poéticos de verso libre, da poesía visual e da prosa poética.
- 9.1. Redacta textos poéticos seguindo determinadas estratexias creativas.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos, tanto literarios coma non-literarios.
- Valorar o coñecemento e dominio de todos os mecanismos da lingua para acadar un grao correcto de competencia lingüística, tanto na comprensión como na produción de textos.
- Interesarse por todos os procedementos que poidan fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Definir tecnicismos con corrección.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Analizar con rigor as vantaxes e os inconvenientes que presenta calquera actividade.
- Comentar de maneira crítica e persoal unha cita de autor.

- Competencia cultural e artística

- Reflexionar acerca da importancia de valorar por igual e sen prexuízos todas as linguas e ser consciente de que unha lingua é moito máis ca un sistema de comunicación.
- Valorar a importancia do ensino no grao de adquisición e dominio dunha lingua.
- Valorar a percepción que teñen os máis vellos con respecto á evolución da lingua galega.

- Competencia para aprender a aprender

- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**
 - Lectura e comentario dun texto literario de Suso de Toro.
 - Valoración do dereito á intimidade de calquera persoa.
- **Os conectores**
 - Elección dos conectores adecuados para completar textos.
 - Interese por dominar os distintos mecanismos da lingua necesarios para interpretar e redactar correctamente diferentes tipos de textos.
- **Substantivos relacionados cos oficios e as profesións. As palabras parónimas**
 - Aplicación do vocabulario aprendido en diferentes contextos.
 - Explicación do significado de refráns.
 - Elección de sufixos para formar o masculino e feminino de substantivos derivados.
 - Discriminación e aplicación práctica de parónimos.
 - Interese por ampliar o caudal léxico e por evitar castellanismos.
- **Os adverbios**
 - Identificación e clasificación de adverbios e locucións adverbiais.
 - Correspondencia entre adverbios e o seu significado.
 - Substitución de frases por un adverbio ou locución adverbial.
- **Clases de oracións**
 - Busca nun texto de diferentes clases de oracións.
 - Análise sintáctica e clasificación de oracións.
- **O galego no ensino**
 - Lectura crítica dun texto no que se manifestan prexuízos con respecto á lingua galega.
 - Análise crítica da aplicación da *Lei de Normalización Lingüística* no ensino.
 - Reflexión acerca do aspecto emocional que ten o uso dunha lingua.
 - Valoración da importancia do labor institucional para a normalización dunha lingua.
- **Grupos consonánticos: grupos con *l* e con *r***
 - Busca de sinónimos e termos contrarios.
 - Aplicación de *l* ou *r* para completar palabras con grupos consonánticos.
 - Ditado.
 - Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.
- **Outras manifestacións da lírica: poemas de verso libre, poesía visual, prosa poética**
 - Lectura, análise e comentario dun poema de verso libre de Fran Alonso.
 - Lectura, análise e comentario de diversos exemplos de poesía visual e caligramas.
 - Lectura, análise e comentario dun fragmento de prosa poética de A. García Teijeiro.
 - Valoración dos elementos creativos e innovadores da poesía.
- **Taller de escritura: xogos poéticos**
 - Redacción de textos poéticos a partir de xogos lingüísticos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
2. Coñecer os mecanismos que proporcionan cohesión a un texto.
3. Coñecer o vocabulario básico estudado e identificar hipocorísticos.
4. Recoñecer as preposicións e as conxuncións e identificar a súa función como palabras de relación.
5. Recoñecer unha oración composta e diferenciar a composición por coordinación e por subordinación.
6. Comprender cando se pode dicir que unha lingua está *normalizada* e analizar a situación do galego.
7. Utilizar correctamente os grupos consonánticos cultos con *-cc-* e con *-ct-*
8. Analizar un fragmento teatral e clasificalo segundo corresponda a unha comedia, unha traxedia ou un drama.
9. Redactar textos poéticos seguindo determinadas estratexias creativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión.
- 1.2. Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Analiza os mecanismos que proporcionan cohesión a un texto.
- 3.1. Aplica en diferentes contextos os verbos estudados.
- 3.2. Identifica hipocorísticos e relaciónaos co nome propio correspondente.
- 4.1. Coñece as preposicións e as locucións prepositivas e aplícaa con corrección.
- 4.2. Identifica e clasifica conxuncións segundo a relación que establezan.
- 5.1. Identifica as oracións compostas e clasifícaa segundo sexan compostas por coordinación ou por subordinación.
- 6.1. Comprende o concepto de *normalización lingüística* e analiza a situación do galego.
- 7.1. Sabe cando se conservan os grupos cultos *-cc-/-ct-* e cando se reducen a *-c-/-t-*, e aplicación na práctica.
- 8.1. Coñece as características propias da comedia, da traxedia e do drama.
- 8.2. Coñece a estrutura dunha obra teatral e diferencia actos, cadros e escenas.
- 9.1. Redacta textos poéticos seguindo modelos de cancións populares.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos, tanto literarios como non-literarios.
- Valorar o coñecemento e dominio de todos os mecanismos da lingua para acadar un grao correcto de competencia lingüística, tanto na comprensión como na produción de textos.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Ser capaz de «dicir non» ante situacións que non nos conveñen.
- Analizar situacións lingüísticas con rigor, valoración crítica e autonomía persoal.

- Competencia cultural e artística

- Fomentar a normalización do galego en calquera ámbito.
- Valorar a tradición e a literatura popular como parte privilexiada do noso acervo cultural.
- Valorar os refráns como froito da sabedoría popular.

- **Competencia social e cidadá**
 - Propoñer solucións para que a nosa lingua sexa aceptada socialmente como unha «lingua de prestixio».
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario**
 - Lectura e comentario dun texto literario de Xosé Luis Méndez Ferrín.
 - Valoración da amizade e fomento da autoestima.
- **A cohesión textual**
 - Análise comparativa de textos segundo os mecanismos que proporcionan cohesión.
 - Corrección de textos utilizando os mecanismos de cohesión textual.
 - Valoración dos mecanismos que ten a lingua para redactar correctamente os textos, de maneira que resulten claros e amenos para o receptor.
- **Verbos relacionados coa sensación de medo. Os hipocorísticos**
 - Aplicación do vocabulario aprendido en diferentes contextos.
 - Correspondencia entre verbos e frases feitas.
 - Identificación de antónimos, complementarios e recíprocos.
 - Relación entre hipocorísticos e os nomes propios correspondentes.
 - Interese por ampliar o caudal léxico propio e por utilizar as palabras con corrección.
- **Preposicións e conxuncións**
 - Identificación das preposicións e locucións prepositivas presentes nun texto.
 - Aplicación de preposicións e locucións prepositivas para completar textos.
 - Discriminación na práctica das preposicións *ata/deica*.
 - Identificación e clasificación de conxuncións.
 - Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.
- **A oración composta**
 - Identificación de oracións compostas nun texto.
 - Identificación dos nexos que unen os dous membros dunha oración composta.
 - Clasificación de oracións compostas por coordinación e por subordinación.
- **O futuro do galego**
 - Análise do labor levado a cabo polo equipo de Normalización Lingüística do centro.
 - Redacción de propostas para mellorar a normalización do galego no centro e na propia localidade.
 - Valoración da iniciativa persoal para acadar nun futuro a completa normalización do galego.
- **Grupos consonánticos: os grupos cultos con -cc- e -ct-**
 - Aplicación de parónimos.
 - Aplicación práctica de -cc-/-c- e -ct-/-t-.
- **O xénero dramático**
 - Análise, comentario e clasificación de diversos fragmentos teatrais de Manuel Núñez Singala, Euloxio Rodríguez Ruibal e Salvador Espriu.

- Taller de escritura: cancións tradicionais

- Redacción de textos a partir de fragmentos de cancións tradicionais.
- Gozo coa lectura e recreación de cancións tradicionais.

3º ESO

UNIDADE 1

OBXECTIVOS

1. Entender a intención estética da linguaxe literaria e como condiciona os elementos fónicos, morfolóxicos, léxicos e sintácticos empregados.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico do vestiario.
3. Identificar o galego como lingua propia, coñecer os seus constituíntes e a súa evolución histórica desde o seu nacemento como galego-portugués ata o século XIX.
4. Aplicar correctamente as regras de acentuación.
5. Coñecer as principais características da literatura popular.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Identifica e analiza algúns recursos que determinan un texto como literario.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico do vestiario.
- 3.1. Diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- 3.2. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega.
- 3.3. Coñece as etapas da historia da lingua galega.
- 4.1. Aplica correctamente as regras de acentuación.
- 5.1. Coñece as principais características da literatura popular e identifica os xéneros da prosa máis abondosos: o conto e a lenda.
- 5.2. Recoñece os diferentes tipos de cantigas.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva fragmentos non literarios propostos.
- Definir conceptos traballados coas súas palabras, seguindo as normas lexicográficas de definición.
- Redactar unha descrición física dun personaxe atendendo ao vocabulario aprendido.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Poñer exemplos do aprendido.
- Reflexionar acerca da importancia das normas de acentuación e ser capaz de argumentar con

solidez o exposto.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.

- Competencia cultural e artística

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar, coñecer e defender.
- Valorar os traballos creativos propios e alleos.

- Competencia para aprender a aprender

- Elaborar resumos, sínteses e cadros.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Lectura e comentario. A intención estética da linguaxe literaria

- Lectura do fragmento dunha novela coa pronunciación axeitada.
- Realización dun comentario do texto proposto.
- Exercicios de vocabulario a partir do texto.
- Identificación das ideas esenciais de cada parágrafo e da idea central do fragmento.
- Análise dalgúns recursos que determinan o texto como literario.
- Valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal.
- Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e socio-cultural.

- Campo semántico do vestiario

- Aplicación práctica das palabras do campo semántico do vestiario.
- Resolución de xeroglíficos.
- Interese por ampliar o caudal léxico.

- O galego, lingua románica

- Identificación da procedencia de palabras dadas.
- Asociación de voces patrimoniais cos étimos correspondentes.
- Asociación de palabras cultas e patrimoniais.
- Identificación de voces cultas, semicultas e patrimoniais.
- Valoración da lingua galega desde unha perspectiva histórica.

- Orixe e evolución histórica do galego como lingua propia de Galicia

- Busca de información sobre a toma do monte Medulio e lectura dun poema sobre este tema.
 - Comentario de textos de diferentes etapas da historia da lingua galega.
- Interese por coñecer a orixe e evolución histórica do galego.

- Regras de acentuación

- División de palabras en sílabas.
- Identificación de ditongos, tritongos e hiatos.
- Aplicación práctica das regras de acentuación.
- Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.

- **A literatura popular**

- Comentario dun conto e dunha lenda.
- Análise e clasificación de cantigas populares.
- Valoración da literatura popular como expresión colectiva da identidade cultural dun pobo.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Entender o concepto de «xénero literario» e recoñecer as características máis destacables dos tres grandes xéneros.
2. Recoñecer os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
3. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos animais.
4. Descompoñer as palabras nos seus compoñentes e recoñecer o significado dos prefixos e sufixos máis comúns.
5. Clasificar as palabras segundo os seus constituíntes e entender o concepto de «familia léxica».
6. Aplicar correctamente o til diacrítico.
7. Coñecer as principais características da literatura galego-portuguesa medieval.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Distingue os tres grandes xéneros e recoñece as súas características máis destacables.
- 2.1. Recoñece algúns enlaces léxicos, como as repeticións, a sinonimia, a hiperonimia e a función cohesiva das familias léxicas.
- 3.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos animais.
- 4.1. Analiza os elementos que forman unha palabra.
- 4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e explica o significado dalgúns prefixos.
- 4.3. Recoñece palabras formadas por sufixación e descomponas nos seus elementos, explicando o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos.
- 5.1. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.
- 6.1. Aplica correctamente o til diacrítico.
- 7.1. Coñece a orixe e o *corpus* da literatura galego--portuguesa medieval.

COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Definir conceptos básicos atendendo ás regras lexicográficas de definición.
- Crear textos propios aplicando o vocabulario aprendido.

- **Autonomía e iniciativa persoal**

- Poñer exemplos do aprendido.
- Aplicar o aprendido en contextos próximos da vida cotiá.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información.

- Competencia para aprender a aprender

- Elaborar un esquema numérico.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- Lectura e comentario. Os xéneros literarios

- Lectura de dous textos literarios coa pronunciación axeitada.
- Realización dun comentario dos textos propostos.
- Exercicios de vocabulario a partir dos textos.
- Resumo do argumento do texto.
- Análise dos elementos narrativos, líricos e teatrais do texto.
- Valoración de diversas manifestacións literarias como fonte de pracer e divertimento.
- Interese e gusto pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros.

- Os enlaces léxicos

- Análise dos enlaces léxicos que dan cohesión a un texto.
- Curiosidade e interese por coñecer os mecanismos que dan cohesión a un texto.

- Campo semántico dos animais

- Aplicación práctica das palabras do campo semántico dos animais.
- Resolución de cruzadas e xeroglíficos.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.

- A estrutura das palabras

- Análise dos compoñentes de palabras.
- Formación de palabras mediante a anteposición de prefixos.
- Clasificación de palabras derivadas segundo teñan sufixos alterativos ou derivativos.
- Formación de antónimos mediante a anteposición de prefixos.
- Identificación dos prefixos de palabras derivadas, explicando o seu valor.
- Identificación do valor dos sufixos de palabras dadas.
- Diferenciación dos distintos valores do sufixo *-iño*.
- Formación de xentilicios aplicando o sufixo derivativo adecuado.
- Curiosidade e interese polos mecanismos que rexen a formación das palabras da nosa lingua.

- Clases de palabras. A familia léxica

- Identificación da palabra base da que proceden palabras derivadas.
- Discriminación de palabras derivadas e parasintéticas.
- Identificación dos compoñentes de palabras compostas e de compostos cultos.
- Clasificación de palabras en simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- Formación de familias léxicas regulares e irregulares.
- Actitude reflexiva no uso da lingua.

- A literatura galego-portuguesa medieval

- Clasificación de cantigas segundo a temática e a voz textual.
- Análise e comentario de diferentes cantigas.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS

1. Identificar as características do xénero poético.
2. Recoñecer os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
3. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico do tempo atmosférico.
4. Identificar substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasificalos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.
5. Recoñecer o xénero dos substantivos e aplicar as regras de formación de feminino e plural.
6. Coñecer e aplicar correctamente os signos de puntuación.
7. Coñecer as principais características das cantigas de amigo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Identifica as características do xénero poético.
- 2.1. Recoñece algúns elementos de cohesión textual e analiza os enlaces léxicos.
- 3.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico do tempo atmosférico.
- 4.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.
- 5.1. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados, recoñecendo a diferenza de significado que o xénero pode comportar.
- 5.2. Forma o plural de substantivos simples e compostos, e identifica a diferenza de significado que o número pode comportar.
- 6.1. Usa correctamente o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos e os puntos suspensivos.
- 7.1. Identifica e comenta cantigas de amigo.

COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non literarios.
 - Explicar coas propias palabras o significado de diversos termos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Elaborar traballos de maneira individual e expoñelos con corrección diante da clase.
- **Tratamento da información e competencia dixital**

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información.
- Buscar información en soportes tradicionais (enciclopedia) para ampliar coñecementos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Facer diferentes esquemas numéricos a partir da información proporcionada no libro de texto.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

CONTIDOS

- **Lectura e comentario. O xénero poético**
 - Lectura dun poema coa entoación axeitada.
 - Realización dun comentario do poema proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Enunciación do tema e resumo do argumento.
 - Análise das características do texto poético.
 - Valoración dos textos poéticos como medio para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.
- **Os elementos de cohesión**
 - Análise dalgúns elementos de cohesión: adverbios, paralelismo, refrán.
 - Análise dalgúns enlaces léxicos: repetición, sinonimia, antonimia, hiperonimia.
 - Curiosidade e interese por coñecer os mecanismos que dan cohesión a un texto.
- **Campo semántico do tempo atmosférico**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico do tempo atmosférico.
 - Resolución dun encadeado.
 - Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **Os substantivos**
 - Identificación e clasificación de substantivos en textos dados.
 - Correspondencia entre substantivos colectivos e individuais.
 - Correspondencia entre substantivos concretos e abstractos.
 - Análise da función de frases substantivas e nominais en oracións dadas.
- **O xénero e o número do substantivo**
 - Clasificación de substantivos en masculinos e femininos.
 - Clasificación de substantivos con flexión de xénero e invariables.
 - Identificación de substantivos epícenos.
 - Aplicación das principais correspondencias entre masculino e feminino.
 - Análise das diferenzas de significado que as marcas de xénero e número poden comportar.
 - Transformación a feminino e/ou plural de palabras ou enunciados dados.
- Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.
- **Signos de puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos**
 - Aplicación dos signos de puntuación en oracións e textos dados.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección ortográfica.
- **A lírica profana (I): A cantiga de amigo**

- Comentario de cantigas de amigo.
- Aplicación dos recursos de paralelismo, leixaprén e refrán para completar unha cantiga.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Identificar as figuras literarias máis comúns nos textos poéticos.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico das árbores, plantas e flores.
